

GUÍA RSE

para o sector da construción

Guía sectorial de boas prácticas para a implantación de actuacións en materia de RSE en empresas do sector da construción de Galicia.

XUNTA DE GALICIA

GUIA RSE

**para o
sector da
construción**

Guía sectorial de boas prácticas para a implantación de actuacións en materia de RSE en empresas do sector da construción de Galicia.

XUNTA DE GALICIA
Consellería de Economía, Emprego e Industria.
Secretaría Xeral de Emprego.

2015

Elaboración:
intheMOVE.

Diseño e maquetación:
Innovación Ágil.

Colaboración:
Fundación Laboral da Construción.


ÍNDICE



Introdución.	6
--------------	---



A responsabilidade social empresarial no sector da construción.	9
---	---




Situación actual das empresas do sector da construción en Galicia.	24
--	----



Ferramentas de responsabilidade social empresarial. Os alicerces da sustentabilidade.	35
---	----



RSE <i>Benchmarking</i> .	64
---------------------------	----



Banco de recursos.	82
--------------------	----



Anexo I. Enquisas.	87
-----------------------	----



Anexo II. Entrevistas a axentes clave.	94
---	----



Introducción.

0. INTRODUCCIÓN

A *Guía sectorial de boas prácticas para a implantación de actuacións en materia de RSE nas empresas do sector da construción en Galicia* forma parte do proxecto **Responsabilidade social nas empresas do sector da construción**, impulsado pola Xunta de Galicia e a Fundación Laboral da Construción de Galicia, e ten como principal obxectivo analizar as diferentes ferramentas existentes en materia de RSE que o sector ten ao seu alcance e, desta forma, poder converterse nun manual básico de referencia para a posta en marcha de actuacións responsables e estratexicamente competitivas por parte de todas as entidades ligadas ao sector da construción.

A Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral de Emprego, dependente da Consellería de Economía, Emprego e Industria, está firmemente comprometida coa difusión e sensibilización da RSE entre as empresas galegas, contribuíndo desta forma a dar a coñecer un modelo de xestión empresarial que permite alcanzar beneficios non só económicos, senón ambientais e sociais. Así o demostra o desenvolvemento desta actuación, que continúa a serie iniciada coa guía sectorial de RSE do sector téxtil, do sector conservero, do sector da automoción, da cadea de valor da madeira, do sector TIC, do sector bodegueiro e do sector turístico, e que responde a un dos obxectivos do *Plan de acción para o impulso de novos eixes estratéxicos do observatorio permanente da responsabilidade social de Galicia* que busca *fomentar o coñecemento para impulsar, no ámbito empresarial, potenciando o desenvolvemento sectorial da RSE pensando especialmente en Galicia e na súa realidade*.

A Fundación Laboral da Construción de Galicia, fiel á súa visión de *aprender a construír un mundo mellor* e como complemento ao desenvolvemento da súa actividade vinculada, fundamentalmente, á formación e á prevención de riscos laborais das empresas, participa neste proxecto como entidade que tende as pontes necesarias para que esta guía sexa coñecida e empregada polas empresas do sector na Comunidade Autónoma galega.

Para a elaboración desta guía sectorial deseñárase unha metodoloxía específica para valorar aspectos cuantitativos (baseada nunha enquisa especialmente creada para as empresas) e cualitativos (a través de entrevistas a axentes claves) relacionados co estado actual do sector en Galicia, tamén se realizará unha revisión crítica das ferramentas existentes en materia de RSE, tanto xerais coma específicas do sector.

A guía está estruturada en cinco capítulos. O primeiro deles está dirixido a introducir ao lector nos conceptos básicos da RSE e a achegalo aos organismos máis importantes, a nivel internacional, nacional e galego que promoven a responsabilidade social, poñendo especial énfase nos propios do sector da construción. O segundo capítulo fai unha revisión de cal é a situación actual das empresas galegas do sector en relación ás prácticas de RSE, mentres que o terceiro se centra, exclusivamente, en dar a coñecer diferentes ferramentas prácticas para a implantación da RSE nas organizacións vinculadas ao sector da construción. Por último, o cuarto capítulo presenta experiencias



relevantes do sector, a xeito de boas prácticas e o quinto capítulo recompila todas as iniciativas, organismos e ferramentas que se comentan ao longo da guía, así como algunhas adicionais.



Fig. 1.1. Estrutura da guía.





A responsabilidade
social empresarial
no sector da
construção.

1.1. QUE É A RESPONSABILIDADE SOCIAL EMPRESARIAL?

O ABECEDARIO DA RESPONSABILIDADE SOCIAL

ACCESIBILIDADE UNIVERSAL

Condición que deben cumprir os bens, produtos e servizos, os ámbitos onde se desenvolven e os obxectos, ferramentas, instrumentos e dispositivos para poder ser comprendidos e utilizados por todas as persoas en condicións de seguridade e comodidade, da forma máis autónoma e sinxela posible.

ACCIÓN SOCIAL

Apoio económico a organizacións do terceiro sector de forma planificada e sistematizada, de forma tal que se corresponda coa estratexia operativa da empresa.

BO GOBERNO

conxunto de medidas dirixidas a xestionar conxuntamente os impactos sociais, ambientais e económicos da empresa baixo os parámetros de transparencia informativa e de control das relacións cos diferentes grupos de interese.

CONCILIACIÓN DA VIDA FAMILIAR, PERSOAL E LABORAL

Todas as actuacións postas en marcha nas empresas para promover a igualdade efectiva entre mulleres e homes e compatibilizar as diferentes facetas da vida: o emprego, a familia, o ocio e o tempo persoal.

CONSTRUCCIÓN SUSTENTABLE

O Programa das Nacións Unidas para o Ambiente (PNUMA), define a construción sustentable como un xeito da industria da construción de actuar cara ao logro do desenvolvemento sustentable, tendo en conta aspectos ambientais, socioeconómicos e culturais. Especificamente, implica cuestións tales como deseño e uso de edificacións, construción e rendemento de materiais e uso de recursos; todas elas, dentro da órbita máis ampla do desenvolvemento e a xestión urbanos.



DEREITOS HUMANOS

Os dereitos humanos son dereitos inherentes a todos os seres humanos, sen distinción ningunha de nacionalidade, lugar de residencia, sexo, orixe nacional ou étnica, cor, relixión, lingua, ou calquera outra condición. No ámbito da empresa, os dereitos humanos están directamente vinculados ao respecto dos dereitos laborais.

DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE

Permite a satisfacción das necesidades da xeración presente sen comprometer a capacidade das xeracións futuras para satisfacer as súas propias necesidades. O desenvolvemento sustentable trata de lograr, de xeito equilibrado, o desenvolvemento económico, social e a protección do ambiente.

EFICIENCIA ENERXÉTICA

A cantidade de enerxía calculada ou medida que se necesita para satisfacer a demanda de enerxía asociada a un uso normal do edificio, que incluírá, entre outras cousas, a enerxía consumida na calefacción, a refrixeración, a ventilación, o quentamento da auga e a iluminación.

EFQM

O modelo EFQM de excelencia é un modelo que serve para impulsar e estimular a mellora continua, e que permite obter unha visión xeral das fortalezas actuais e oportunidades de crecemento das empresas. As empresas excelentes son aquelas que conseguen manter niveis superiores de resultados que satisfán ou exceden as expectativas de todos os seus grupos de interese.

ÉTICA EMPRESARIAL

É a aplicación dos principios xerais da ética a un campo específico da acción humana, a xestión empresarial, dado que as empresas están formadas por un conxunto de persoas que orientan os seus esforzos en dar servizo a outras persoas.

EXTERNALIDADE AMBIENTAL

Aquelas accións realizadas polas empresas que afectan aos sistemas e aos servizos dos ecosistemas, pero tamén inclúen os impactos nas persoas, edificios e infraestruturas e outras actividades económicas (como as derivadas das emisións contaminantes).



FINANZAS RESPONSABLES

Aquelas conformadas por fondos de investimento que se rexen por criterios ambientais, sociais e de bo goberno (ASG) para a selección de activos que conforman a súa carteira de investimento.



GRUPOS DE INTERESE

Todas aquelas persoas, grupos ou organizacións que manteñen unha relación directa ou indirecta coa empresa; están dentro e/ou fóra da empresa, e poden afectar ou ser afectadas polas actividades da empresa, ben sexa de forma positiva ou de forma negativa.



IGUALDADE DE OPORTUNIDADES

Conxunto de medidas para promover a oportunidade de que as persoas, independentemente da súa orixe, sexo, relixión e condición física e/ou psíquica, poidan gañarse a vida mediante un traballo libremente elixido ou aceptado nun mercado e nun ámbito laboral que sexa aberto, inclusivo e accesible.

INDICADOR DE DESEMPEÑO

Medida dunha variable dun proceso ou proxecto nun instante determinado que ofrece información sobre a tendencia deste nos aspectos analizados. Poden facer referencia a características cuantitativas e cualitativas importantes para avaliar as condicións actuais dun proceso ou proxecto, o seu pasado e a súa tendencia futura.

INNOVACIÓN SOCIAL

Conxunto de operacións destinadas a encontrar novas formas de satisfacer as necesidades sociais, que aínda non están axeitadamente cubertas polo mercado ou polas administracións públicas e producir os cambios de comportamento necesarios para resolver os grandes retos da sociedade.

JOINT VENTURE

Alianza estratéxica entre unha empresa e unha entidade do terceiro sector, onde a empresa asume un rol de liderado no apoio, defensa e contribución para resolver diferentes asuntos; por exemplo, en cuestións relacionadas coa saúde, a pobreza ou o ambiente.



KYOSEI

Concepto xaponés que significa vivir e traballar xuntos para o ben común, permitindo que a cooperación e a prosperidade mutuas coexistan cunha competencia xusta e saudable.



A responsabilidade
social empresarial
no sector da
construción.

LISMI

Lei 13/1982, do 7 de abril, de integración social dos minusválidos, que establece para as empresas públicas e privadas, cun equipo superior a 50 traballadores, a obriga de contratar un número de traballadores con discapacidade non inferior ao 2%. Na actualidade son moi poucas as empresas que cumpren con esta obriga legal. Por iso, no ano 2000, co obxectivo de facilitar ás empresas o cumprimento desta obriga, establecéronse unha serie de medidas de carácter excepcional á LISMI que se encontran recollidas no Real decreto 27/2000, do 14 de xaneiro.

MEMORIA DE SUSTENTABILIDADE

Ferramenta de comunicación das empresas onde se informa a todos os seus grupos de interese dos resultados económicos, sociais e ambientais do exercicio da súa actividade empresarial, nun determinado período temporal.

MERCADOTECNIA CON CAUSA

Ferramenta promocional da empresa que trata de combinar a responsabilidade social da empresa co obxectivo de aumentar a súa rendibilidade mediante campañas de captación de fondos a favor de causas sociais, vinculadas á venda dos seus produtos e/ou servizos.

NEUTRA EN CARBONO

Empresa ou organización con cero emisións de dióxido de carbono. O nivel cero pódese conseguir mediante a redución e a compensación de emisións, ou a partir dunha combinación de ambas as dúas opcións.

NORMA

Conxunto de procedementos, prácticas e especificacións amplamente aceptadas. Cabe destacar a serie de normas ISO, o maior conxunto de normas internacionais voluntarias promovidas pola organización non gubernamental International Organization for Standardization.

OBXECTIVOS DE DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE

En setembro de 2015, e como continuación das liñas de traballo marcadas nos Obxectivos do milenio, a Asemblea Xeral das Nacións Unidas aproba os Obxectivos de desenvolvemento sustentable que conforman o plan de acción para que a comunidade internacional e os gobernos nacionais promovan a prosperidade e o benestar común nos próximos 15 anos. Son 17 os Obxectivos de desenvolvemento sustentable que teñen como meta acabar coa pobreza extrema, loitar contra a desigualdade e a inxustiza e combater o cambio climático.



PACTO MUNDIAL DAS NACIÓNS UNIDAS

É un compromiso universalmente recoñecido por todo tipo de organizacións e que se basea na aceptación de 10 principios básicos de conduta e acción en materia de dereitos humanos, traballo, ambiente e loita contra a corrupción.

PEGADA DE CARBONO

Indicador que mide a cantidade de gases efecto invernadoiro, expresados en toneladas de CO₂ equivalente, asociados ás actividades dunha empresa, entidade, evento, produto/servizo ou persoa individual.

PEGADA ECOLÓXICA

Área de territorio produtivo ou ecosistema acuático necesario para producir os recursos utilizados e para asimilar os residuos producidos por unha poboación definida cun nivel de vida específico, sexa onde sexa que se encontre esta área.

RESPONSABILIDADE SOCIAL EMPRESARIAL

É un novo modelo de xestión de empresas que se caracteriza polo compromiso voluntario que se adquire para tratar os seus impactos económicos, laborais, sociais e ambientais, de forma tal que se produza un aumento dos beneficios empresariais e dos beneficios de todos os seus grupos de interese.

SUSTAINABILITY INDEXES

Son índices bolsistas de sustentabilidade que seleccionan as empresas que combinan o éxito económico co desenvolvemento sustentable. Estes índices incorporan as sociedades cuxo comportamento é especialmente destacable en temas de goberno corporativo, éticos, sociais e ambientais. Dous dos índices de sustentabilidade máis prestixiosos son o *Dow Jones Sustainability Index* (DJSI) e o *FTSE4 Good Index*.

SUSTENTABILIDADE

Característica dun proceso ou proxecto pola cal se pode manter só por si mesmo.

TRANSPARENCIA E RENDICIÓ DE CONTAS

Dar información a todos os grupos de interese das empresas dos resultados financeiros e non financeiros (ambientais e sociais) da súa actividade de forma íntegra, coherente e equilibrada, incluíndo as contribucións positivas e negativas á consecución dos seus obxectivos.



URBANISMO ECOLÓXICO

O urbanismo adquire o cualificativo de ecolóxico cando criba dun conxunto de restricións (condicionantes e indicadores) que parametrizar o grao de acomodación dun determinado plan, e tamén dun tecido consolidado, a un modelo intencionado de cidade máis sustentable na era da información.



VOLUNTARIADO CORPORATIVO

Son todas aquelas actividades onde as persoas empregadas nas empresas colaboran con iniciativas ou entidades do terceiro sector, ben sexa durante as horas de traballo ou fóra da xornada laboral, pero mantendo unha remuneración económica por parte da empresa.



WAI (WEB ACCESIBILITY INITIATIVE)

Protocolos de deseño web para que as persoas con algún tipo de discapacidade poidan percibir, entender, navegar e interactuar coa web, achegando contidos.



ZERO PROJECT

É unha iniciativa da Fundación ESSL, cuxa misión principal é traballar por un mundo sen barreiras, de acordo co establecido pola ONU na Convención polos Dereitos das Persoas con Discapacidade (UN-CRPD). O seu traballo fundaméntase en desenvolver prácticas innovadoras e definir novas políticas internacionais que axuden a mellorar a calidade de vida das persoas con discapacidade, así como definir unha batería de indicadores para medir a implementación da UN-CRPD e a situación actual en todos os países.



QUEN É QUEN?

Existe un gran número de organizacións que promoven a RSE a nivel autonómico, nacional e internacional. Neste apartado recolleremos cales son as que ofrecen unha información máis relevante ás empresas do sector da construción que decidan comezar, ampliar ou mellorar os seus proxectos e actuacións no marco da sustentabilidade. Así mesmo, tamén se recollen institucións vinculadas directamente ao sector da construción que promoven accións concretas de RSE.

Nivel autonómico

PORTAL DE RSE DA XUNTA DE GALICIA

A través desta plataforma web, a Xunta de Galicia, pon á disposición de todas as empresas galegas, e da cidadanía, información básica sobre responsabilidade social, iniciativas emprendidas dende todo tipo de institucións, programas formativos de interese... As empresas que desexen iniciar o seu achegamento aos conceptos relacionados coa RSE, poden considerar este portal como un referente.

OBSERVATORIO PERMANENTE DA RSE DAS EMPRESAS DE GALICIA

Impulsado pola Consellería de Economía, Emprego e Industria dirixe as súas actuacións a realizar un seguimento da aplicación da RSE en Galicia. Cunha periodicidade semestral, publica un informe de resultados sobre como as empresas galegas incorporan aos seus procedementos de xestión os principios da responsabilidade social. Os datos que se poñen á disposición das empresas poden servir como punto de partida para analizar a situación particular de cada organización en relación ao conxunto de Galicia.

FUNDACIÓN LABORAL DA CONSTRUCCIÓN

Entidade paritaria sen ánimo de lucro formada pola Confederación Nacional da Construción (CNC), CCOO de Construción e Servizos e Metal, Construción e Afíns de UGT e a Federación de Industria (MCA-UGT). A súa misión é facilitar a empresas e traballadores e traballadoras os recursos que fagan posible un sector máis profesional, seguro, capacitado e con futuro. A Fundación conta cun consello territorial propio en Galicia.

INSTITUTO GALEGO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL

Organismo autónomo adscrito organicamente á Consellería de Economía, Emprego e Industria que se configura como un órgano técnico en materia de prevención de riscos laborais. Ten como obxectivo desenvolver accións no marco da seguridade e saúde laboral, partindo dunha formulación global de benestar no traballo e dun contorno de traballo de calidade.



Nivel estatal

CONSELLO ESTATAL DE RSE (CERSE)

Organismo adscrito ao Ministerio de Emprego e Seguridade Social que conta con representación da Administración Pública de Galicia, cuxa función principal é ser o órgano asesor e consultivo do Goberno do Estado, que identifique e promova as mellores prácticas en materia de responsabilidade social, propoñendo as posibles políticas que hai que desenvolver neste ámbito.

CLUB DE EXCELENCIA EN SUSTENTABILIDADE

Asociación empresarial composta por un grupo de grandes empresas que apostan polo desenvolvemento sustentable da sociedade e, por iso, pretenden ser un foro de diálogo cos grupos de interese, unha plataforma de *benchmarking* en desenvolvemento sustentable e un transmisor de boas prácticas en RSE ao tecido empresarial español. O Club de Excelencia en Sustentabilidade impulsa a realización de estudos sectoriais no ámbito da responsabilidade social que se poden consultar a través da súa páxina web. De especial interese resulta o *Estudo multisectorial sobre o estado da responsabilidade corporativa na grande empresa en España*.

FORÉTICA

É unha asociación española de empresas e profesionais da RSE que ten como misión fomentar a cultura da xestión ética e a responsabilidade social dotando as organizacións de coñecemento e ferramentas útiles para desenvolver con éxito un modelo de negocio competitivo e sustentable. Entre as súas actividades destaca o deseño e desenvolvemento da norma SGE21, certificación dos sistemas de xestión responsable nas empresas. As empresas asociadas a Forética reciben asesoramento en materia de RSE. A través da súa páxina web encontramos información sobre eventos e actividades que se desenvolven baixo o paraugas da RSE e gran cantidade de recursos bibliográficos, entre os que destaca o *Informe evolución da responsabilidade social das empresas en España*.

FUNDACIÓN ÉTNOR, ÉTICA DOS NEGOCIOS E AS ORGANIZACIÓNS

É unha organización sen ánimo de lucro que ten como obxectivo principal promover o recoñecemento, difusión e respecto dos valores éticos implícitos na actividade económica e na calidade das organizacións e institucións públicas e privadas. Destaca o *Banco De Recursos Ética-RSE* onde poñen á disposición das persoas que consulten a súa páxina web, artigos, informes, estudos e moitos máis materiais sobre ética e responsabilidade social.

OBSERVATORIO DE RESPONSABILIDADE SOCIAL CORPORATIVA

É unha rede de cooperación e investigación no ámbito da responsabilidade social que nace do encontro dun conxunto de organizacións representativas da sociedade civil. Así mesmo, o Observatorio traballa como plataforma de sensibilización sobre a importancia que ten para toda a sociedade que as empresas adopten este novo modelo de xestión da súa actividade.



ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE DIRECTIVOS DE RESPONSABILIDADE SOCIAL. DIRSE

Primeira agrupación profesional e persoal da RSE en España. O seu obxectivo é coñecer, definir e delimitar o estado da profesión dos directivos da RSE con rigor e, polo tanto, dignificar a súa función directiva e o seu desempeño profesional. DIRSE tamén persegue detectar e trasladar, así como xerar nun futuro, ao ámbito español as tendencias exitosas doutras agrupacións homologas noutros países.

FUNDACIÓN BIODIVERSIDADE

Fundación pública, adscrita ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio, que centra a súa actividade en preservar o patrimonio natural e a biodiversidade, dirixindo as actividades de conservación á xeración de emprego, riqueza e benestar da sociedade. Ten como principais áreas estratéxicas de acción a biodiversidade terrestre, a biodiversidade mariña e litoral, o cambio climático e a calidade ambiental, a economía e o emprego verde e as relacións internacionais.

INSTITUTO PARA A DIVERSIFICACIÓN E O AFORRO DE ENERXÍA

Organismo adscrito ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, a través da Secretaría de Estado de Enerxía. Ten como misión contribuír á consecución dos obxectivos que ten adquiridos os nosos países en materia de mellora da eficiencia enerxética, enerxías renovables e outras tecnoloxías baixas en carbono constitúe o marco estratéxico da súa actividade. Posúe un banco de publicacións moi completo no ámbito das enerxías renovables e o aforro e a eficiencia enerxética, entre outros.

INSTITUTO NACIONAL DE SEGURIDADE E HIXIENE NO TRABALLO

O INSHT ten a misión de promover e apoiar a mellora das condicións de seguridade e saúde no traballo, dando así cumprimento ás funcións que nos encomenda a Lei de prevención de riscos laborais e a Estratexia española de seguridade e saúde no traballo 2015-2020. Conta cun banco de recursos moi amplo aplicable ao sector da construción.

OBSERVATORIO DA CONSTRUCCIÓN. SEOPAN

Asociación de empresas construtoras e concesionarias de infraestruturas que loita polos intereses comúns do sector ante as Administracións Públicas, as institucións e a sociedade. Conta cun código de conduta que asumen as empresas asociadas con compromisos en canto a ética e bo goberno, seguridade e saúde dos traballadores, calidade, medio e responsabilidade social, I+D+i e novas tecnoloxías e, por último, creación de valor para os accionistas e a sociedade.

Nivel internacional

CSR EUROPA

Plataforma de traballo pola responsabilidade social que aglutina a máis de 5.000 empresas europeas e busca mellorar o crecemento sustentable da sociedade. CSR Europa proporciona un conxunto de ferramentas para dar solucións ás empresas que



deciden implantar algún tipo de actuación no ámbito da sustentabilidade empresarial. Destaca o seu *Banco de Boas Prácticas*, con máis de 400 exemplos de proxectos de RSE implantados con éxito en empresas de todo o mundo e o *Catálogo de Estudos e Guías* sobre bo goberno, medio, dereitos humanos, prácticas laborais, etc.

PACTO MUNDIAL DAS NACIÓNS UNIDAS

É un compromiso universalmente aceptado por todo tipo de organizacións e que se basea na aceptación de 10 principios básicos de conduta e acción en materia de dereitos humanos, traballo, medio e loita contra a corrupción. As empresas españolas que queiran adherirse ao Pacto Mundial deben facelo a través da *Rede Española do Pacto Mundial*.

GLOBAL REPORTING INITIATIVE (GRI)

Organización internacional, sen ánimo de lucro, que creou un dos estándares máis empregados a nivel mundial á hora de elaborar memorias de responsabilidade social para a rendición de contas de organizacións que implementen políticas de responsabilidade social. A iniciativa GRI foi elaborada por unha comisión multipartícipe baixo os auspicios da *Coalition for Environmentally Responsible Economies* (CERES) e o *Programa das Nacións Unidas para o Ambiente* (PNUMA), para presentar un informe corporativo que facilite a interacción coas partes interesadas.

TRANSPARENCIA INTERNACIONAL

É a única organización non gubernamental a escala universal dedicada a combater a corrupción, congregando a sociedade civil, sector privado e os gobernos nunha ampla coalición global. Ten como obxectivo principal infundir ao sistema global de valores a transparencia e a rendición de contas como normas publicamente recoñecidas.



1.2. POR QUE É IMPORTANTE A RESPONSABILIDADE SOCIAL NAS EMPRESAS DO SECTOR DA CONSTRUCCIÓN?

O sector da construción é un dos principais motores económicos de España e tamén de Galicia, xogando un papel moi importante tanto en volume económico de negocio coma en emprego xerado. Non obstante, pola súa propia actividade industrial, as organizacións do sector vense expostas ante unha serie de riscos que, mal xestionados, poden causar un impacto moi negativo no seu desenvolvemento empresarial. Casos moi visibles de malas prácticas profesionais, corrupción, abusos urbanísticos en zonas naturais, a especulación coa vivenda e o chan, entre outras, xeran un grande impacto social que impulsa demandas éticas cada vez maiores sobre o sector da construción.

Tabla 1. Principais riscos das organizacións do sector da construción. Fonte: Fundación Alternativas.

	ORDENACIÓN DO TERRITORIO E MALAS PRÁCTICAS URBANÍSTICAS	– Debilidades do compromiso empresarial en materia de prácticas urbanísticas. – Abusos urbanísticos en zonas naturais.
	PREZO DA VIVENDA	– Debilidades do compromiso empresarial en materia de prezo da vivenda. – Especulación co uso do solo.
	EMPREGO, EMPREGABILIDADE E DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL	– Alta temporalidade nos contratos. – Moi baixa presenza de empleo feminino.
	SEGURIDADE	– Alta siniestralidade laboral dentro do sector. – Falta de compromiso empresarial en materia de seguridade cos contratistas. – Riscos no seguimento do cumprimento das normas de seguridade e saúde en subcontratacións a nivel internacional.
	IMPACTO AMBIENTAL	– Alto consumo de recursos naturais. – Gran impacto sobre o cambio climático.



En vista destas razóns, e debido á crise de confianza que padece actualmente o sector, as empresas deben tomar conciencia da importancia de asumir prácticas de RSE na súa xestión como elemento diferenciador e xerador de competitividade.

As grandes empresas do sector levan anos implantando políticas e desenvolvendo estratexias de responsabilidade social, mentres que nas pequenas e medianas empresas o grao de implantación é moi baixo. Estas pemes deben ser capaces de integrar a RSE na súa xestión como un elemento de vantaxe competitiva, e unha ferramenta válida capaz de xerar valor na organización e na sociedade coa que convive.

A adopción de prácticas de RSE por parte das pequenas e medianas empresas do sector da construción e a súa integración a todos os niveis (sistemas de xestión de calidade e medio, prevención de riscos laborais, formación, etc.), así como a importancia da transparencia e a ética como atributos irrenunciáveis da xestión empresarial permite xestionar mellor a organización, os riscos de xeito máis eficiente e atraer e reter tanto a clientes como empregados, así como mellorar a súa reputación.

Todas estas actuacións positivas que permite desenvolver a RSE deben ser comunicadas polas empresas do sector da construción a todos os seus grupos de interese, xa que lles permitirá amosar o compromiso adquirido co desenvolvemento sustentable.

1.3. COMO PODE AXUDAR A RESPONSABILIDADE SOCIAL Á MIÑA ORGANIZACIÓN?

A introdución de cuestións relacionadas coa responsabilidade social nas empresas do sector da construción en Galicia permitiralles:

- **Xestionar e controlar os riscos derivados da súa actividade** (cambio climático, seguridade e saúde do seu persoal, prácticas pouco transparentes, na xestión económica...), grazas a un continuo diálogo cos seus grupos de interese que lle facilitará a detección das súas necesidades e adiantarse ás demandas que lle transmiten.
- **Mellorar a súa visibilidade e potenciar positivamente a súa imaxe corporativa**, xa que a través da comunicación das accións de RSE realizadas se impulsa a confianza entre os seus grupos de interese que ven correspondidas as súas demandas. Así mesmo, refórzase a súa imaxe positiva ante a sociedade, que desconfía especialmente das empresas do sector da construción, medios de comunicación, sector bancario e seguros¹.

¹Instituto Universitario de Análise Económica e Social (2012). *A RSC de novo ante a incertidumbre*.



- **Introducirse en novos mercados** que xa esixen estes compromisos e captar novos clientes comprometidos coa sustentabilidade.
- **Desenvolver proxectos de innovación** que sirvan para mitigar os impactos que xeran sobre os recursos naturais e a auga, a través de todo o ciclo de vida dun proxecto de construción.
- **Posicionarse no sector como un referente de boas prácticas**, o que lle abrirá as portas a compartir experiencias con empresas doutros ámbitos e establecer alianzas e colaboracións estratéxicas de cara a buscar a excelencia e a mellora continua.
- **Contribuír á conservación do patrimonio natural e cultural da rexión onde se asentan**, xa que as medidas de construción sustentable aplicadas no momento da ordenación e planificación urbanística, permiten cimentar ámbitos saudables, en equilibrio coa natureza, co menor impacto ambiental posible, con espazos públicos que faciliten a participación cidadá...
- **Aumentar a satisfacción e a motivación do seu persoal**, conseguindo atraer e reter talento, ao mesmo tempo que se desenvolve un forte sentimento de pertenza e compromiso coa empresa, que ten un impacto directo no ámbito social máis próximo, xa que as persoas empregadas serán as principais embaixadoras da empresa.
- **Transmitir información veraz e fluída**, sobre os principais impactos económicos, ambientais e sociais da empresa, permitindo desta forma render contas e ser máis transparente na xestión, o que lexítima a organización e o seu desenvolvemento.



A ruta da responsabilidade social

1. A sustentabilidade é unha prioridade de todas as organizacións

Cada vez máis organizacións apostan pola responsabilidade social para integrar a sustentabilidade no seu modelo de xestión.




2. Beneficios económicos, ambientais e sociais

A RSE permite crear valor compartido con todos os grupos de interese.



3. Investidores responsables

A contribución da empresa ao desenvolvemento sustentable serve para captar novos investidores que introducen criterios éticos, ambientais e sociais nas súas decisións de investimento, como complemento aos xa tradicionais de rendibilidade, risco e liquidez.



4. Empregados contentos e motivados

O persoal da empresa séntese máis motivado e comprometido porque está nun ámbito que lle permite conciliar a súa vida familiar, persoal e laboral, formarse para o seu desenvolvemento profesional, traballar nun ámbito seguro e saudable,...



9. Posicionamento de marca

A RSE axuda a aumentar a confianza na empresa e a aumentar a súa reputación, consolidando a súa marca e posicionándoa dentro do mercado como unha empresa responsable.




8. Difusión e sensibilización

As redes sociais xogan un papel cada vez máis importante como plataforma de difusión e sensibilización das actividades de responsabilidade social da empresa.



7. Transparencia e rendición de contas

Anualmente increméntase o número de entidades que publican as súas memorias de responsabilidade social, onde informan dos resultados económicos, ambientais e sociais logrados.



6. Clientes e consumidores comprometidos

A integración por parte da empresa das demandas dos clientes e consumidores en materia de sustentabilidade, axuda a aumentar a súa satisfacción co produto e/ou servizo e a fidelizarlos.



5. Un contorno máis coidado

As empresas apostan por reducir as súas emisións de gases de efecto invernadoiro e xestionar os seus consumos enerxéticos, de recursos naturais e de auga.





Situación actual das
empresas do sector
da construción en
Galicia.

2.1. DATOS XERAIS

O sector da construción está conformado por aquelas empresas cuxa actividade consiste en executar directamente obras completas ou parte delas, tanto en edificación como en enxeñaría civil ou industrial. As actividades produtivas desenvolvidas céntranse na edificación residencial (construción de vivendas), edificación non residencial, rehabilitación e mantemento, e obra civil.


O sector posúe unha estrutura moi complexa en canto a divisións e subdivisións en tipos de obra e actividades particulares. Para a elaboración deste capítulo tívose en conta a clasificación das estatísticas oficiais sobre a base das actividades económicas:

- Preparación de obras.
- Construción xeral de inmobles e obras de enxeñaría civil.
- Instalacións de edificios e obras.
- Acabados de edificios e obras.
- Aluguer de equipos de construción ou demolición dotado de operario.

As empresas do sector da construción xeraron en Galicia en 2014, segundo datos do Instituto Galego de Estatística, un valor engadido bruto de 4.886,7 millóns de euros, o que supón un 9% do produto interior bruto galego. Este nivel de actividade fixo que o emprego no sector se situase nos 71.000 postos de traballo equivalentes a tempo completo, case un 8% do total.

O rexistro do primeiro trimestre do ano 2015, significa dous trimestres de crecementos positivos (en termos de valor engadido bruto) despois de máis de cinco anos diminuindo a actividade. Este perfil responde sobre todo ao desempeño da obra civil, que alcanza rexistros moi superiores aos do trimestre anterior, de actividade na edificación residencial favorables mentres que a edificación non residencial empeora os resultados dos trimestres precedentes.

Esta tendencia positiva observada en Galicia tamén se replica en España, xa que segundo Eurostat, o valor engadido bruto debido á actividade do sector creceu en torno a un 16% no último ano. Estes datos positivos, que amosan unha lixeira recuperación no sector, vense avalados por feitos como o repunte nas licitacións de obras públicas, a incipiente creación de emprego no sector, a estabilización no prezo da vivenda, entre outras.



2.2. A RSE NAS EMPRESAS DO SECTOR DA CONSTRUCCIÓN EN GALICIA

Este apartado foi elaborado a partir dunha metodoloxía de tratamento de datos que combina unha análise cuantitativa, a partir dunha enquisa deseñada especificamente para este estudo e enviada a empresas do sector da construción, e unha análise cualitativa, a través da realización de entrevistas a axentes clave do sector en Galicia. Toda a información técnica de ambos os dous métodos de traballo se encontra recollida nos anexos deste documento.

A responsabilidade social empresarial, entendida como unha forma de xestionar as empresas que busca incrementar tanto o beneficio económico como o beneficio social e ambiental, é un concepto que o 72% das empresas do sector da construción coñecen. Se ben este concepto é coñecido, “non existen accións emprendidas polas empresas de forma estratéxica”, á marxe dalgunhas das grandes empresas que desenvolven actividades a nivel internacional. Isto está avalado polos datos que amosan que o 55% das empresas non teñen medidas de RSE implantadas, fronte a un 15% que afirma que si ten unha estratexia definida e apoiada pola dirección e o persoal.




Fig. 2.1. Está implantada a RSE na súa empresa?

A alta dirección/xerencia (65%) e o departamento de calidade, medio e PRL (26%) son os departamentos que lideran as accións de RSE nas empresas do sector.

Hai que ter tamén en consideración que na actualidade, o sector segue estando “estancado” e con moitas dificultades de saír adiante, sobre todo naquelas empresas que non contan cunha estrutura financeira baseada en recursos propios. Esta loita por vencer as débedas a curto prazo dificulta que se poidan emprender novos proxectos no campo da RSE (e noutros).

A percepción sobre o que é a responsabilidade social empresarial varía, principalmente, entre dúas posicións. Uns casos onde se considera unha estratexia corporativa e outros onde se considera unha forma de mellorar a imaxe da empresa. A primeira consideración é a que asumen as empresas que teñen integrada a RSE nas súas estratexias de negocio e a empregan para mellorar as súas actividades corporativas, considerándoa como un instrumento competitivo que permite xestionar mellor a organización e os riscos de xeito máis eficiente. A segunda das posturas está vinculada directamente coa reputación da empresa, se ben se debe engadir que non debe ser este o obxectivo principal (xa que se incorre no risco de transformar prácticas de transparencia e rendición de contas en meras mensaxes publicitarias e de mercadotecnia).



Fig. 2.2. Que é para vostede a responsabilidade social empresarial?

A mellora da imaxe e da reputación da empresa é apreciada como unha vantaxe competitiva por parte do 56% das empresas, fronte a aquelas que consideran que achegan beneficios en relación á xestión de recursos humanos (18%), ao desenvolvemento de accións de I+D+i (9%) e á minimización do impacto ambiental (8%).

Por outro lado, os datos revelan que tamén é predominante a opinión de que a RSE é unha estratexia da empresa a longo prazo (60%) e unha tendencia global, que permitirá ás organizacións gañar competitividade a través da apertura a novos mercados onde xa se demanden estes compromisos cara á sustentabilidade (19%). Non obstante, é

necesario comentar que tamén existe a idea de que a xestión sustentable das empresas é algo propio de grandes entidades, non aplicable a pemes (17%) e que a adopción deste tipo de prácticas non engade valor ao produto e/ou servizo das empresas do sector da construción (3%).

Os aspectos que se recoñecen como os máis importantes da RSE son os vinculados á dimensión social interna, de relación co seu persoal (72%). Por esta razón, derívase que as accións vinculadas a un maior investimento en prevención de riscos laborais (77%) e o desenvolvemento de plans formativos para o persoal (78%) sexan as dúas accións que se consideran máis oportunas para desenvolver nas empresas do sector.

O seguinte aspecto máis valorado é a dimensión ambiental (68%), seguida pola xestión ética (58%), transparencia (57%) e igualdade de oportunidades (53%). A incorporación de mulleres nun sector tradicionalmente masculino segue sendo un dos aspectos máis deficitarios do sector (unha importancia asignada do 33%) e é necesario *“aumentar a sensibilización e a formación no sector, tanto a nivel directivo coma de traballadores para que a presenza feminina en postos como xefe de obra sexa vista como algo natural”*.

Aspectos máis importantes da RSE segundo as empresas





Fig. 2.3. Que aspectos da responsabilidade social cree vostede que son máis importantes?
Nota técnica: é posible sinalar máis dunha resposta



Liñas de traballo que as empresas consideran máis oportunas para desenvolver





Fig.2.4. Cal das seguintes liñas de traballo considera máis oportunas para desenvolver nunha empresa vinculada ao sector da construción? Nota técnica: é posible sinalar máis dunha resposta

Á hora de falar de ferramentas de responsabilidade social empresarial, apréciase unha dispersión moi grande sen existir unha tendencia maioritaria para algunha delas. Pódese falar de tres niveis de aplicación destas ferramentas:

- Nivel medio: contratación con provedores locais (38%), sistemas de xestión ambiental (35%) e patrocinio de eventos deportivos e culturais (24%).
- Nivel baixo: código de conduta (15%), Achega de efectivo para proxectos de acción social (13%), Plan de igualdade (11%) e Memoria de responsabilidade social (11%).
- Nivel moi baixo: sistemas de xestión da RSE (7%), análise do ciclo de vida (2%).



Situación actual das empresas do sector da construción en Galicia.

Ferramentas de responsabilidade social implantadas nas empresas




Fig. 2.5. Cal das ferramentas de responsabilidade social ten implantadas na súa empresa?
Nota técnica: é posible sinalar máis dunha resposta

A contratación de provedores locais é unha das medidas máis aplicadas e avala o compromiso das empresas para a promoción do desenvolvemento socioeconómico do seu ámbito máis próximo, a través da contratación e o emprego. Ademais con esta práctica estanse a impulsar accións responsables na súa cadea de valor, ao dar prioridade á compra local e ás pemes e micropemes do seu ámbito para converterse nos seus provedores.

Os sistemas de xestión ambiental nas empresas, e a súa certificación sobre a base de estándares internacionais, é outra das ferramentas máis presentes nas organizacións vinculadas ao sector. Isto é debido a que este tipo de empresas están obrigados a cumprir con numerosos requisitos marcados na lexislación vixente aplicable aos diferentes subsectores (COV, emisións de partículas, verteduras, residuos...), co que os sistemas

de xestión ambiental lles axudan ao aseguramento da calidade en función ao cumprimento legislativo. Se a isto se lle engade que estas certificacións están moi identificadas polo cliente e o consumidor final, convértense nun instrumento moi habitual na xestión empresarial.


España é un país cunha alta dependencia enerxética e os edificios españois son unha fonte clave dos aforros enerxéticos e, por conseguinte, da redución de emisións de gases de efecto invernadoiro

Chama a atención que, por outra banda, a análise do ciclo de vida sexa unha das medidas menos implantadas nas empresas. Esta ferramenta que axuda a identificar, reducir e compensar o impacto que a organización ten sobre o cambio climático non é apreciada como algo relevante, polo menos no momento actual. Non obstante, hai que ser consciente de que *“España é un país cunha alta dependencia enerxética e os edificios españois son unha fonte clave dos aforros enerxéticos e, por conseguinte, da redución de emisións de gases de efecto invernadoiro”. “Soamente aquelas empresas que aliñen as súas estratexias de acorde coas pautas de Europa (Directiva Europea de Eficiencia Enerxética de 2012) serán as que sexan capaces de xerar cos seus produtos e servizos unha mellora ambiental significativa”.*

Medidas vinculadas máis directamente á dimensión social das RSE nas empresas están menos implantadas. Os códigos de conduta están relacionados co control sobre os provedores, algo que xoga un papel crucial xa que *“é importante ter controlada a trazabilidade e a calidade do produto final, se ben é algo difícil de executar para as pemes”.*

É necesario ter en consideración que se trata dun sector *“moi masculinizado”*, onde a representación da muller é aínda, a día de hoxe, moi testemuñal, estando directamente relacionada con postos administrativos. Por esta razón, os plans de igualdade aínda non son considerados como unha ferramenta útil para estas empresas (soamente están desenvolvidos nun 11% delas).

O 11% das empresas conta cunha memoria de sustentabilidade como ferramenta para comunicar aos seus grupos de interese os resultados económicos, sociais e ambientais derivados da súa actividade empresarial. Este valor é aínda moi baixo e é recomendable que sexa unha das primeiras accións que se promoverán entre as empresas do sector, se ben é certo que o alcance desta non debe ser o mesmo para unha peme que para unha grande empresa que cotiza no mercado de valores, *“que está obrigada a revelar a información vinculada aos seus impactos económicos, ambientais e sociais aos seus grupos de interese, principalmente aos seus accionistas”.*



Situación actual das empresas do sector da construción en Galicia.

É necesario que as empresas tomen conciencia de que a implantación de medidas de RSE teñen un impacto directo nas accións comerciais que realizan. Esta comunicación non debe ser soamente externa, senón tamén realizar unha boa comunicación interna para que se adquira coñecemento da importancia de realizar unha xestión sustentable; desta forma poderíase integrar nas accións diarias das empresas. *“É importante que se aumente o esforzo en sensibilizar e formar o persoal directivo e empregados destas empresas sobre a importancia da creación de valor nas súas organizacións, como paso previo a un verdadeiro impulso da RSE no sector”*. Non obstante, os resultados amosan que un 72% das empresas non están a realizar esta comunicación. En relación á comunicación externa apréciase a necesidade de poñer en valor os esforzos das empresas que pretenden coexistir as obras coa actividade cidadá xa que *“sen a súa comprensión (dos cidadáns), sería practicamente imposible acometelas (as obras) e cumprir os rendementos, para beneficio da empresa e por suposto do cidadán, que as verá concluídas en menor tempo, evitando molestias e permitindo o seu goce”*.

Á hora de analizar os camiños que as empresas do sector queren seguir para comezar e/ou continuar as súas accións de RSE, existen varias opcións



Fig. 2.6. Cal das seguintes iniciativas considera máis oportunas para implantar na súa empresa?

Na actualidade, aínda son moitas as empresas do sector que afirman non estar en condicións de implantar accións de RSE na súa organización (33%). Por outra banda, as empresas que se decantan pola realización de accións de RSE consideran que o máis vantaxoso sería optar por certificacións de RSE para optar a procesos de contratación de obra pública. En relación a este punto, o papel das administracións públicas é determinante xa que *“deberían recoñecer ás empresas que realizan RSE un valor engadido á hora de optar aos contratos públicos, xa que son organizacións máis sustentables e con menores riscos”*.

Así mesmo, tamén se destaca a utilización da ferramenta creada pola Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, XUNTA PRO-RSE, para a elaboración de memorias de responsabilidade social empresarial sobre a base dos diferentes estándares internacionais (12%) e a posta en marcha de actuacións vinculadas á acción social estratéxica da empresa, aquela que consiste en apoiar economicamente iniciativas que estean ligadas ao seu modelo de negocio.


2.3. CONCLUSIONES

As cifras relativas á situación actual do sector da construción animan a ser *“prudentemente optimistas”*, xa que os datos económicos do 2014 amosan unha mellora en relación ao dos anos anteriores. Esta situación coloca as empresas nunha boa posición para iniciar novos proxectos innovadores que sirvan para lograr unha mellora competitiva dos seus produtos e/ou servizos e a introdución de modelos de xestión sustentable nas empresas pode contribuír a iso. Neste aspecto, as asociacións sectoriais *“deben actuar como clústeres e impulsar a innovación nos procesos, produtos e servizos, algo que ata o momento só era realizado polas grandes empresas cotizadas”*.

A contratación de provedores locais e os sistemas de xestión ambiental son as medidas de sustentabilidade que están máis presentes nas empresas do sector. A contratación de provedores locais é unha práctica común, polo que resulta sinxelo pensar en avanzar máis na xestión das relacións con estes provedores, promovendo o fomento de relacións duradeiras, a realización de proxectos en común vinculados á innovación e mellora de produtos e servizos, etc.

As empresas B2B que comecen a integrar estratexias de RSE na súa xestión lograrán posicionarse respecto a empresas competidoras á hora de dar servizo ao seu cliente, xa que está a lograr minimizar os riscos na cadea de valor.

A certificación ambiental está moi implantada debido a que é unha demanda dos mercados internacionais dende fai xa moitos anos, polo que as empresas que decidan promover os seus produtos e/ou servizos noutros mercados, se tiveron que adaptar ás súas esixencias para poder competir en igualdade de condicións que outras empresas da súa competencia.



Situación actual das empresas do sector da construción en Galicia.

O campo da comunicación de medidas de RSE ten un gran potencial de desenvolvemento na actualidade. Para garantir o éxito destas comunicacións é necesario realizar unha colaboración conxunta entre o persoal das empresas, expertos en RSE e en comunicación, para comprobar que o contido das mensaxes se axusta aos principios de transparencia e rigorosidade que deben rexer todo proceso de rendición de contas cos grupos de interese. Desta forma, estaríase evitando o risco de que esta comunicación sexa percibida como unha mera acción de mercadotecnia verde ou *greenwashing*.


A percepción que a cidadanía ten sobre as empresas que apostan pola RSE é un bo indicador para valorar a súa reputación e posicionamento no mercado. Nun estudo recente publicado en febreiro de 2015 por Forética preséntase información sobre a actitude da cidadanía á hora de realizar un consumo responsable. En relación á discriminación negativa, un 44% da cidadanía recoñece ter deixado de comprar algún produto ou servizo por considerar que a empresa fabricante ou distribuidora realiza prácticas pouco responsables ou éticas. En canto á discriminación positiva, un 50% recoñece preferir consumir produtos ou servizos dunha organización.

Unha análise detallada das empresas do sector en Galicia amosa que a maior parte das empresas do sector da construción son microempresas² (empresas cun equipo inferior a 10 persoas traballadoras) que teñen como clientes a outras empresas, negocios B2B (*business to business*), ou que traballan directamente con promotores privados B2C (*business to consumer*). As empresas B2B que comecen a integrar estratexias de RSE na súa xestión lograrán posicionarse respecto a empresas competidoras á hora de dar servizo á súa clientela, xa que está a lograr minimizar os riscos na cadea de valor. Por outra banda, as empresas B2C que sexan capaces de apreciar as vantaxes que lle dá a RSE para lograr chegar a un consumidor responsable, serán as que logren manter un crecemento sustentable ao longo do tempo.

As empresas B2C que sexan capaces de apreciar as vantaxes que lle achega a RSE para lograr chegar a un consumidor responsable, serán as que logren manter un crecemento sustentable ao longo do tempo.

Para achegar a RSE a estas empresas que conforman a base do sector da construción en Galicia, débese promover a colaboración intrasectorial, a través de iniciativas onde se poidan compartir experiencias desenvolvidas con éxito (aquí *“as grandes empresas poden contribuír a este pulo da RSE”*), onde se poidan adquirir coñecementos técnicos para desenvolver estes proxectos, onde se poidan asociar empresas para impulsar proxectos sustentables conxuntos... Tamén resulta de grande interese potenciar a colaboración destas entidades para impulsar actividades de investigación para medir o retorno do investimento en RSE, en termos económicos, sociais e ambientais.

² Segundo datos do Directorio central de empresas (DIRCE) do INE, en 2009 había en Galicia 28.705 empresas do sector da construción, o 93% das cales tiñan menos de 10 empregados.



Ferramentas de
responsabilidade
social empresarial.
Os alicerces da
sustentabilidade.


3.1. OS ALICERCES. ÉTICA E BO GOBERNO

O primeiro paso para analizar as prácticas responsables que as empresas do sector da construción poden desenvolver parte do núcleo do seu modelo de negocio, que debe fundamentarse nunha visión e actuación ética e responsable ante a sociedade. Estes valores éticos serán os que impregnen toda a súa estratexia empresarial e fundamenten todas as tomas de decisións. Este último punto cobra especial relevancia no caso de pequenas e medianas empresas onde todos os procesos de decisión pasan polas mans da persoa responsable da dirección xeral que, en gran parte das ocasións, é tamén a propietaria.

CÓDIGOS DE CONDUCTA

Os valores éticos, o compromiso cos grupos de interese e as declaracións que a organización queira subscribir en materia de dereitos humanos, dereitos laborais, diversidade... débense formalizar nun **código de conduta ou código ético**. Trátase dun documento escrito e aprobado pola alta dirección da empresa que reflicte os valores e/ou principios que rexen o seu comportamento, as principais políticas ligadas a eles e un conxunto de medidas destinadas a garantir o seu cumprimento.

As grandes empresas hai tempo que asumiron estes compromisos e posúen un código de conduta que é a base para o desenvolvemento das súas operacións. Nas pequenas e medianas empresas esta práctica aínda non é habitual. A modo ilustrativo, inclúese unha análise de dez das principais empresas construtoras españolas que amosa que todas elas contan con códigos éticos ou de conduta públicos, que se basean en desenvolver aspectos como a integridade, o respecto, o cumprimento da lexislación e o respecto aos dereitos humanos, entre outros.



* Código ético baseado no Pacto Mundial das Nacións Unidas

Fig. 3.1 Gráfica sobre aspectos desenvolvidos nos códigos éticos destas empresas construtoras.
Fonte: elaboración propia a partir da información pública das organizacións.



Ferramentas de
responsabilidade
social empresarial.
Os alicerces da
sustentabilidade.

O **código de conduta** ten que cumprirlo todo o persoal da empresa, polo que é necesario desenvolver unha fase de comunicación centrada en explicar en que consiste, como se aplica no día a día da organización e que implica o seu incumprimento. De igual forma, como boa práctica de RSE, a empresa pode comunicar aos seus provedores a existencia deste código e solicitar a súa adhesión voluntaria, garantindo desta forma que os seus valores éticos se estenden ao longo da súa cadea de valor. Debido a que se trata dunha adhesión voluntaria, a empresa debe facilitar este procedemento, establecendo unha serie de prazos flexibles para que os provedores poidan adaptarse a el.

É fundamental que a empresa sexa consciente de que os provedores que se adhiran ao seu código de conduta poden, posteriormente, non cumprir cos requisitos establecidos. Por iso é moi importante realizar auditorías aos provedores, o que garante a transparencia nas interaccións comerciais. De todos os xeitos, as empresas nunca serán as responsables do comportamento dos seus provedores.

O desenvolvemento de accións de compras responsable non pasa obrigatoriamente pola elaboración dun código de conduta propio da empresa, é posible adherirse a iniciativas nacionais e internacionais, globais ou sectoriais, que presentan unhas recomendacións comúns para todas as empresas que se vinculen a elas.

Principais códigos de conduta aplicables a todas as organizacións

PACTO MUNDIAL DAS NACIÓNS UNIDAS:

É un compromiso universalmente aceptado por todo tipo de organizacións e que se fundamenta na aceptación de 10 principios básicos:

- **Principio 1:** as empresas deben apoiar e respectar a protección dos dereitos humanos fundamentais, recoñecidos internacionalmente, dentro do seu ámbito de influencia.
- **Principio 2:** as empresas deben asegurarse de que as súas empresas non son cómplices na vulneración dos dereitos humanos.
- **Principio 3:** as empresas deben apoiar a liberdade de asociación e o recoñecemento efectivo do dereito á negociación colectiva.
- **Principio 4:** as empresas deben apoiar a eliminación de toda forma de traballo forzoso ou realizado baixo coacción.
- **Principio 5:** as empresas deben apoiar a erradicación do traballo infantil.
- **Principio 6:** as empresas deben apoiar a abolición das prácticas de discriminación no emprego e a ocupación.
- **Principio 7:** as empresas deberán manter un enfoque preventivo que favoreza o medio.



- **Principio 8:** as empresas deben fomentar as iniciativas que promovan unha maior responsabilidade ambiental.
- **Principio 9:** as empresas deben favorecer o desenvolvemento e a difusión das tecnoloxías respectuosas co medio.
- **Principio 10:** as empresas deben traballar contra a corrupción en todas as súas formas, incluídas extorsión e suborno.

Unha empresa que participa no Pacto mundial comprométese a elaborar anualmente un *Informe de progreso* dirixido aos seus grupos de interese que describa os avances logrados pola empresa na implementación dos dez principios. O propósito da comunicación é que sexa, por unha banda, un sistema de autoavaliación (que as empresas identifiquen os seus avances nas materias do pacto) e pola outra, que dote dunha maior credibilidade a iniciativa por medio da transparencia. A idea destes informes é que os participantes vaian progresando segundo os principios, e non necesariamente que cumpran todos eles directamente.

O Pacto Mundial é aplicable en todos os sectores e non está enfocado a ningunha rexión ou continente específico. O seu labor apóiase nunha gran rede global coordinada co apoio das redes locais. A *Rede española do pacto mundial* desenvolve un traballo de consolidación deste referente, impulsando organismos de debate e diálogo participativo. Entre as iniciativas postas en marcha destaca o *Compactlink*, unha plataforma en liña aberta a socios e asinantes do Pacto mundial, que permite a formación, a interacción dos usuarios con expertos recoñecidos (a xeito de rede social), o acceso a recursos bibliográficos, a medición do grao de avance no cumprimento dos principios a través de ferramentas propias e o acceso a un completo directorio de institucións público e privados, ONG e axencias das Nacións Unidas.

LIÑAS DIRECTORAS PARA EMPRESAS MULTINACIONAIS DA OCDE:

As Directrices da OCDE son un conxunto de estándares normativos multilaterais (no ámbito dos dereitos humanos, o emprego e as relacións laborais, o ambiente, a loita contra a corrupción, os intereses dos consumidores e a competencia), avalados polos gobernos asinantes e destinados a promover a conduta responsable das empresas que están baseadas ou operan nos países adherentes. Isto significa que os gobernos destes países se comprometeron, en nome de todas as empresas multinacionais con sede social dentro das súas fronteiras, a respectar as disposicións das directrices. Non son normas obrigatorias, pero se as empresas se comprometen a aplicalas, deberán facelo sen excepción en todos os países onde operan.



PRINCIPIOS CERES (COALICIÓN PARA UNHAS ECONOMÍAS RESPONSABLES CO AMBIENTE)

Esta institución deseñou un código de 10 compromisos sobre ética ambiental. Entre eles encóntrase a protección da biosfera, o uso sustentable dos recursos naturais, a redución de residuos, un uso eficiente da enerxía, a produción de produtos e servizos seguros, etc.

Principais códigos de conduta aplicables ás empresas do sector da construción

CÓDIGO DE CONDUCTA DAS EMPRESAS ASOCIADAS AO OBSERVATORIO DA CONSTRUCIÓN:

As empresas asociadas ao Observatorio da Construción comprométense a asumir as actuacións que recolle o código de conduta nos ámbitos de:

- Ética e goberno corporativo: actuar sempre de acordo con principios éticos nas súas relacións.
- Seguridade e saúde dos traballadores: ofrecer unhas condicións de traballo óptimas, coa implantación e mantemento de sistemas de xestión da seguridade e saúde laboral.
- Calidade, medio e responsabilidade social: mellora continua dos seus produtos, así como a incorporación de criterios ambientais e de responsabilidade social en todos os procesos construtivos.
- I+D+i e Novas tecnoloxías: potenciar os seus esforzos en innovación e investigación e desenvolvemento.
- Creación de valor para os accionistas e a sociedade: compromiso de confianza a través da rendibilidade e a transparencia.

PRINCIPIOS DE SUSTENTABILIDADE DA FEDERACIÓN EUROPEA DA INDUSTRIA DA CONSTRUCIÓN (FIEC):

Dentro dun documento marco denominado *Os principios de sustentabilidade de FIEC*, recóllense aspectos que hai que promover relacionados co comportamento ético das empresas e que son asumidos polas entidades dos diferentes países que conforman a devandita federación. Entre outros pódese citar:

- A promoción da liberdade de asociación, o dereito á negociación colectiva e a igualdade de oportunidades entre persoas independentemente do seu sexo, nacionalidade, relixión, condición ou pertenza étnica.
- A promoción e a mellora continua dos procedementos de seguridade e saúde, na busca dunha taxa de cero accidentes e a minimización dos efectos que poidan producirse.
- Promover a formación e o desenvolvemento profesional continuo de todo o persoal.



COMPLIANCE

Ata o momento, cando se fala de responsabilidade social defínese como un modelo de xestión que a organización adopta voluntariamente. Na actualidade, cada vez é máis delgada a liña que separa o voluntario do obrigatorio, xa que cada vez as leis son máis estritas á hora de esixir responsabilidades non só á organización, senón tamén aos seus conselleiros, directivos e empregados; os incumprimentos dunha empresa impútanse tamén aos seus provedores, aos seus distribuidores ou aos seus socios; a aplicación de códigos de boas prácticas esténdese a todo o sector e aos que se conectan con el na cadea de valor, de modo que as empresas teñen que protexerse cada vez mellor dos erros propios e alleos.

Na actualidade, cada vez é máis delgada a liña que separa o voluntario do obrigatorio

Esta situación motivou que cada vez adquira máis importancia no desenvolvemento da actividade da organización a función denominada **compliance**. Este termo anglosaxón que se podería traducir como “conformidade” aglutina todas aquelas actividades que deben exercerse dende as empresas para asegurarse de que se cumpra co establecido no ordenamento xurídico.

A última reforma do Código penal, que entrou en vigor o 1 de xullo de 2015, introduce cambios importantes para as empresas. Obriga as compañías a previr os delitos. Pola contra serán penalmente responsables. O **modelo de prevención** que fixa a lei é complexo, pero en síntese supón que, como unha *cuestión de principios*, as empresas deben identificar con precisión as actividades ou áreas de traballo onde se poidan cometer os delitos. Igualmente, obrígase a establecer protocolos de formación e dispoñer de *modelos de xestión dos recursos financeiros* para impedir a comisión de delitos, ademais do establecemento dun sistema disciplinario que sancione o incumprimento das medidas acordadas.

XESTIÓN DOS GRUPOS DE INTERESE

Un dos aspectos máis importantes que ten que desenvolver unha empresa socialmente responsable é a xestión dos seus grupos de interese. Os **grupos de interese ou stakeholders** son os grupos e as persoas que afectan ou son afectadas polas actividades da organización. Porque non só débese considerar que forman parte da empresa os propietarios, directivos e empregados, empresa son tamén os clientes, os provedores, a competencia, a comunidade local, nacional e internacional cos seus distintos colectivos (gobiernos, sindicatos, movementos sociais, medios de comunicación, etc.)



A xestión dos grupos de interese é algo difícil de asumir polas empresas e, en ocasións, implica un grande investimento en recursos (humanos e materiais) e en tempo.

É imprescindible considerar tres aspectos:



Para aquelas persoas con responsabilidades nas empresas nas relacións cos grupos de interese, é recomendable seguir as cinco etapas que a organización *AccountAbility* inclúe no seu manual *O compromiso cos stakeholders*:

1. Pensamento estratéxico

- Identificar os grupos de interese da organización.
- Asumir o compromiso e a transparencia como piares das relacións entre a empresa e os seus grupos de interese.
- Identificar os obxectivos dos stakeholders para adoptar un enfoque proactivo respecto a eles.



2. Análise e planificación

- Determinar os riscos que ameazan as relacións entre a empresa e os seus grupos de interese.
- Aproveitar as oportunidades que xurdan no tratamento dos temas que interesan aos stakeholders na actualidade ou nun futuro.
- Ter precaución de non xerar falsas expectativas.
- Sentar as bases para a creación de capital relacional.

3. Fortalecemento das capacidades de relación

- Fortalecer aqueles factores que determinan a capacidade de resposta da empresa ante as demandas dos seus grupos de interese.
- Ter credibilidade.

4. Proceso de relación

- Establecer un diálogo participativo cos grupos de interese. Para iso hai que ter en consideración que as canles de comunicación poden ser diferentes.
- Diseñar axeitadamente o proceso relacional, xa que non abonda con comunicarse cos grupos de interese para conseguir resultados satisfactorios.

5. Actuar, informar e revisar

- Ter en conta a perspectiva dinámica de todo o proceso para manter unha relación fluída.
- Ter coidado coa imposición de normas durante o proceso relacional.
- Informar convenientemente aos grupos de interese dende un enfoque transparente e obxectivo.
- Manter o proceso de realimentación. Analizar a opinión dos grupos de interese sobre as actuacións de RSE da empresa, comentar con eles propostas de mellora e actuar en consecuencia.



NA PRÁCTICA

O punto de partida da xestión dos grupos de interese está na etapa de pensamento estratéxico, que se basea na realización de tres preguntas: con quen me teño que relacionar? por que? e para que?

	CANTEIRA	EMPRESA DE REHABILITACIÓN CASCO HISTÓRICO	ASOCIACIÓN DE EMPRESAS CONSTRUTORAS
CON QUEN	Concellos, afectados, veciños, grupos locais.	Propietarios das vivendas, responsables do concello, comerciantes.	Concellos, colexios profesionais, universidade...
POR QUE	Selección de alternativas de localización.	Presentación do proxecto e posta en común de alternativas de mellora.	Elaboración do Plan de sustentabilidade
PARA QUE	Difundir as características do novo proxecto empresarial, negociar as mellores condicións empresa/ veciñanza afectada polas expropiacións, integrar as demandas de colectivos con intereses ambientais/ sociais no proxecto.	Difusión de criterios de edificación sustentable entre a sociedade, posicionamiento para un bo resultado de execución, futuro exemplo de boas prácticas e reputación.	Desenvolver e obter apoios para a súa estratexia de sustentabilidade, buscar participación, posicionar a súa asociación como entidade referente no sector.

3.2. A TRANSFORMACIÓN

Poucos sectores industriais teñen unha capacidade transformadora do ámbito e das realidades sociais como o sector da construción. Facilita as infraestruturas necesarias para a loxística e a mobilidade, modifica as paisaxes urbanas e rurais, proporciona as vivendas e os espazos necesarios para a participación e a convivencia cidadá... en todos estes procesos interveñen empresas da construción que aínda que poidan presentar formas de organización do traballo moi diferentes, presentan procesos comúns que poden ser analizados dende a perspectiva da RSE e que se engloba baixo tres dimensións: xestión da RSE, medio e persoas.



XESTIÓN DA RSE

Os procesos de xestión da RSE, para resultar exitosos, requiren dunha planificación estratéxica (onde as actuacións planificadas neste campo se adecúen á misión e visión da empresa) e dunha sistematización de procesos, de forma que se establezan uns protocolos de seguimento para avaliar o cumprimento dos obxectivos determinados no plan de acción. Os pasos a seguir para implantar un sistema de xestión da RSE son:

- **Elaboración dun diagnóstico de RSE da empresa:** que servirá para obter unha “fotografía” do estado actual en materia de sustentabilidade. A ferramenta **XUNTA PRO-RSE**, que a Xunta de Galicia pon a disposición das pemes galegas, permite ás empresas realizar un diagnóstico en materia de RSE. Existen outros instrumentos útiles como o cuestionario online Dircom2R, de integración da RSC e a reputación, implantado pola Asociación de Directivos da Comunicación.
- **Identificación dos seus grupos de interese**, así como das ferramentas de comunicación para establecer un diálogo efectivo con cada un deles.
- **Realización dunha análise DAFO da RSE**, que servirá para identificar puntos de mellora e posibles riscos a afrontar antes de poñer en marcha a estratexia de RSE.
- **Establecemento dos obxectivos xerais e estratéxicos**, que se queren alcanzar en materia de RSE, en función da visión da empresa e das expectativas dos seus grupos de interese.
- **Deseño e execución dun plan de acción en materia de RSE**, onde se programen unha serie de actuacións para dar cumprimento aos obxectivos marcados. Cada acción debe ser deseñada especificando o seu contido, alcance, recursos necesarios para a súa posta en marcha, tempos de execución... Normalmente, os sistemas de xestión da RSE fixan como primeira acción a elaboración da política de RSE da empresa e/ou dun código de conduta interno.
- **Avaliación**, necesaria para alcanzar a mellora continua en materia de sustentabilidade.
- **Comunicación a todos os seus grupos de interese** dos logros obtidos dentro da súa estratexia de responsabilidade social empresarial.



A continuación enuméranse os principais sistemas de xestión en materia de responsabilidade social empresarial.

SA 8000, UNHA NORMA CERTIFICABLE ENFOCADA NAS CONDICIÓN DE TRABAJO:

Esta norma foi desenvolvida en 1997 por *Social AccountAbility International* (SAI), unha organización creada por varios grupos de interese que comparten o obxectivo de mellorar o exercicio dos dereitos humanos das persoas traballadoras en todo o mundo.

A norma orientase cara aos impactos sociais da empresa e ocúpase principalmente do traballo infantil, o traballo forzoso e obrigatorio, a seguridade e a saúde no traballo, os dereitos de sindicación e de negociación colectiva, a discriminación, as medidas disciplinarias, o horario de traballo, a remuneración e os sistemas de xestión.

A norma é unha das poucas que é certificable, aínda que só certifica a nivel de instalacións e non toda a empresa. É aplicable globalmente, independentemente da situación ou o sector industrial. Non obstante, polo seu enfoque cara ás condicións de traballo, o uso da norma é común en industrias coñecidas por ter malas condicións laborais, e tamén en países con ese tipo de problemas.

NORMA SGE 21, NORMA DE XESTIÓN ÉTICA E SOCIALMENTE RESPONSABLE CERTIFICABLE:

A norma SGE 21, posta en marcha por Forética, é o primeiro sistema de xestión da responsabilidade social a nivel europeo que permite, de xeito voluntario, auditar procesos e alcanzar unha certificación en Xestión Ética e Responsabilidade Social. A norma está composta por seis capítulos. Os cinco primeiros explican os antecedentes e os aspectos xerais do documento, sendo o capítulo seis o que desenvolve os requisitos certificables da norma.

Este capítulo analízase á súa vez en nove áreas de xestión: alta dirección, clientela, provedores, persoas que traballan para a organización, ámbito social, ámbito ambiental, investidores, competencia e administracións públicas. Para cada unha delas establécense os requisitos que debe cumprir a organización para ser considerada ética e socialmente responsable.

A SGE 21 require un compromiso que demostre polo menos tres elementos esenciais: a súa integración na estratexia e procesos da organización, o impulso do diálogo e o coñecemento das expectativas dos grupos de interese e, por último, o fomento da transparencia e a comunicación.

ISO 26000, NORMA DE ORIENTACIÓN AOS PRINCIPIOS DE RSE E A SÚA INTEGRACIÓN:

Os obxectivos da ISO 26000 son: desenvolver un consenso internacional sobre que significa a responsabilidade social e que asuntos da RSE teñen que abordar as organizacións, proporcionar orientación sobre a posta en práctica dos principios mediante accións efectivas, así como perfeccionar e divulgar información sobre mellores prácticas. A proposta establece que a norma sexa utilizada, tanto polas empresas coma polo sector público, e por organizacións de todo tipo.



A norma achega orientación sobre os principios da RSE e a participación cos grupos de interese. Ademais, a norma achega orientación sobre como poñer en práctica a responsabilidade social nunha empresa. Entre outros asuntos, explica como integrar a RSE en todo o ámbito da empresa, como revisar o progreso e como mellorar os resultados deste.

A norma subliña que unha organización debería ser responsable dos seus impactos na sociedade, a economía e o medio; ser transparente coas decisións e actividades que afecten á sociedade e ao medio; comportarse eticamente; respectar, considerar e responder os intereses dos seus grupos de interese; aceptar que o estado de dereito é obrigatorio; respectar as normas internacionais de comportamento, como mínimo o principio de acatamento ao estado de dereito; e respectar os dereitos humanos e recoñecer a súa importancia e a súa universalidade.

A ISO 26000 distínguese das dúas anteriores en que é unha norma de orientación e que non é certificable.

IQNET SR10, SISTEMA DE XESTIÓN DA RESPONSABILIDADE SOCIAL:

É o estándar internacional desenvolvido por IQNet que serve para integrar a xestión da responsabilidade social na estratexia das organizacións e para comunicar os logros alcanzados a través da súa certificación.

O éxito desta ferramenta radica en que as súas características cobren todas as expectativas das organizacións, grandes ou pemes, públicas ou privadas de calquera sector. Tanto para aquelas que comezan a implantar a estratexia de RSE, coma para aquelas que xa percorreron parte do camiño e necesitan integrar no negocio as accións nas que xa estaban a traballar.

DIMENSIÓN AMBIENTAL

A dimensión ambiental nas empresas do sector da construción é unha das variables máis controladas dentro dos procesos produtivos, xa que ten implicacións a nivel interno (propia xestión de operacións) e externo (de relacións co mercado). A principal variable desta dimensión é a da eficiencia enerxética.

Eficiencia enerxética

As empresas que opten por poñer en marcha proxectos dirixidos a mellorar a súa eficiencia enerxética contan con diversas ferramentas. Aquí sinalamos soamente dous, pola súa vinculación directa co ámbito da responsabilidade social.

ISO 50001, SISTEMA DE XESTIÓN ENERXÉTICA:

O sistema de xestión enerxética é a parte do sistema de xestión dunha organización dedicada a desenvolver e implantar a súa política enerxética, así como a xestionar



aqueles elementos das súas actividades, produtos ou servizos que interactúan co uso da enerxía (aspectos enerxéticos). As organizacións que implanten un sistema de xestión enerxética son aquelas que apostan pola eficiencia enerxética en todos os seus procesos. O requisito previo para a posta en marcha desta ferramenta é a realización dunha auditoría enerxética.

A certificación dun sistema de xestión enerxética asegura o control e seguimento sistemático dos aspectos enerxéticos e a mellora continua do desempeño enerxético. Iso contribúe a un uso da enerxía máis eficiente e máis sustentable, outorgando confianza no sistema de xestión.

Ademais, as empresas que opten por ofrecer solucións de eficiencia enerxética nos seus produtos e servizos contan cunha vantaxe competitiva fronte aos seus competidores, xa que a sociedade cada vez busca reducir os seus consumos enerxéticos. É máis, as administracións públicas, a Xunta de Galicia entre elas, apoian a través de subvencións a realización de proxectos de eficiencia enerxética tanto en rehabilitación de edificacións como en cambio de infraestrutura pública e privada.



Ecodeseño

A ANÁLISE DO CICLO DE VIDA (ACV)

É unha ferramenta de ecodeseño que avalúa o comportamento ambiental dun proceso, produto e servizo en todas as etapas do seu ciclo de vida. Existen moitas metodoloxías para o cálculo de impactos, en función do alcance que queiramos determinar. Unha das principais aplicacións do ACV é o cálculo da **pegada de carbono**, que é unha eco-etiqueta utilizada para describir o cálculo das emisións de todos os gases de efecto invernadoiro asociados ao ACV dun produto e/ou servizo en orde a determinar a súa contribución ao cambio climático e exprésase en toneladas de CO₂ equivalentes.

Neste punto é importante destacar o papel que o ecodiseño ten no campo dos *materiais de construción*. Segundo o IHOB, a produción de materiais de construción e a súa aplicación na edificación e construción de infraestruturas é responsable dun 50% do material extraído da codia terrestre, requirindo grandes cantidades de combustibles e enerxía eléctrica. É, polo tanto, un dos sectores de maior incidencia ambiental en Europa. Neste contexto e tamén motivados pola publicación da Directiva de produtos relacionados coa enerxía (2009/125/CE, ErP) trasposta á lexislación española mediante o Real decreto 187/2011 que, aínda que non establece obrigas directas aos fabricantes, inclúe uns requisitos de produto e uns requisitos de xestión para posicionar o produto no mercado europeo. Todos estes requisitos están aliñados e son doadamente integrables naqueles sistemas certificados coa norma **ISO 14006 de Ecodeseño**.

A pegada de carbono tamén se utiliza para describir o impacto ambiental de organizacións, eventos e actividades. A este respecto é importante sinalar o Rexistro Nacional de Pegada de Carbono, Compensación e Proxectos de Absorción de Dióxido de Carbono, iniciativa posta en marcha polo Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio cuxo obxectivo é que as empresas calculen e reduzan a súa pegada de carbono e que a rexistren voluntariamente. Posteriormente, poderán compensala a través de proxectos de absorción ou sumidoiros forestais que estean localizados en España, co que tamén se impulsará a creación de masas forestais que absorban o CO₂.

Este rexistro conta con tres seccións:

- Primeira sección: dirixida ás empresas que calculen a súa pegada de carbono e que a queiran rexistrar oficialmente, co que obterán un selo nacional que o acredite.
- Segunda sección: incluírá un rexistro de empresas e entidades que contén con proxectos forestais en España.
- Terceira sección: permitirá conectar as empresas que queren compensar a súa pegada de carbono coas que teñen os proxectos en territorio nacional, de maneira que a devandita compensación se faga en España, a través de sumidoiros forestais.



A pegada de carbono é un instrumento para determinar, avaliar e comunicar o efecto que teñen os produtos, servizos e organizacións no cambio climático.

Construción sustentable.

Un dos campos con máis percorrido nestes momentos no sector da construción en España é o da construción sustentable, sobre todo no sector da vivenda. A principal panca do cambio atópase no interese que suscita ante os investidores, que consideran que investir en bens inmobles optimizados enerxeticamente ten un maior rendemento. Os factores de sustentabilidade que máis inflúen á hora de valorar unha edificación son³:

- A situación: unha boa conexión co transporte público ou unhas distancias curtas ata os centros de traballo teñen, baixo o prisma da sustentabilidade, unha especial relevancia para o consumo de recursos e a calidade de vida para o usuario.
- Unha estrutura do edificio flexible en uso e apta para o futuro.
- Natureza e calidade dos materiais empregados na construción e nas instalacións.
- A eficiencia enerxética da edificación.
- A saúde, o confort e a seguridade da edificación.

Á vista das vantaxes da construción sustentable é unha boa opción apostar por ela. Para poñer en valor esta aposta, creáronse diferentes **sistemas de certificación de construción sustentable**. Entre eles destacaremos, pola súa importancia, as certificacións LEED e BREEAM.

LEED®, LEADERSHIP IN ENERGY AND ENVIRONMENTAL DESIGN:

Desenvolvido polo *U.S. Green Building Council*, caracterízase por proporcionar unha avaliación da sustentabilidade da edificación valorando o seu impacto en cinco áreas principais: localización sustentable, xestión eficiente da auga, optimización no uso da enerxía, conservación de materiais e recursos naturais e calidade do ambiente interior. Os proxectos puntúanse en relación cun conxunto de indicadores e a suma dos puntos obtidos determina o nivel de certificación (tres niveis, prata, ouro e platino).

BREEAM®, BUILDING RESEARCH ESTABLISHMENT ENVIRONMENTAL ASSESSMENT METHOD:

Desenvolvido polo Building Research Establishment, pondera os niveis de sustentabilidade dunha edificación, tanto en fase de deseño coma en fases de execución e mantemento de todo tipo de edificios (vivendas, oficinas, centros comerciais, edificios industriais

³ Wüest & Partner AG, Immo - Monitoring 2010.



e mesmo á planificación urbanística) e outorga a cada edificio unha puntuación final tras avaliar impactos en 10 categorías (xestión, saúde e benestar, enerxía, transporte, auga, materiais, residuos, uso ecolóxico do chan, contaminación e innovación).



Fotografía: Ramón Vaquero

O polígono de Porto do Molle en Nigrán, Pontevedra, promovido polo Consorcio Zona Franca de Vigo, conta con 40 naves bioclimáticas certificadas a través de BREEAM®, o que lle converteu na primeira superficie industrial en España que conta con esta distinción. En concreto, destacamos o seu centro de negocios, un edificio sustentable, como así o acredita o certificado BREEAM® ES Comercial Oficinas.

Fonte: Consorcio Zona Franca de Vigo

Residuos de construcción e demolición.


A xeración de residuos de construción e demolición (en diante RCD) está intimamente ligada á actividade do sector da construción, como consecuencia do derrubamento de edificacións e infraestruturas que xa non son funcionais, así como da construción doutras novas. Máis alá das obrigas legais que vinculan ás empresas en materia dos RCD, recóllense algunhas actuacións no ámbito da responsabilidade social que as empresas poden emprender.

- Demolicións selectivas, que teñen como obxectivo reutilizar materiais, elementos e instalacións.
- Potenciar a reutilización a través do emprego de materiais noutras obras da empresa ou a través de bolsas de subprodutos.
- Xestionar os residuos e refugалlos sempre a través dun xestor autorizado que garanta a súa correcta valorización.



Ferramentas de
responsabilidade
social empresarial.
Os alicerces da
sustentabilidade.

ELEMENTOS POTENCIALMENTE REUTILIZABLES



Centro de Recursos Ambientais de Navarra e Fundación Biodiversidade.

Sistemas de xestión ambiental

É importante indicar que unha das formas máis comúns para a minimización do impacto ambiental nas empresas é a implantación de sistemas de xestión ambiental, co obxectivo de ter baixo control todas as etapas do ciclo produtivo e poder identificar os principais impactos sobre o medio (emisións, verteduras e residuos) para, posteriormente, poder ir reducindo o seu alcance paulatinamente. Os estándares de xestión máis empregados son o sistema ISO 14001 e o EMAS.



Ferramentas de
responsabilidade
social empresarial.
Os alicerces da
sustentabilidade.

ISO 14001, SISTEMAS DE XESTIÓN AMBIENTAL:

A implantación dun sistema de xestión ambiental segundo a norma internacional ISO 14001, permite ás organizacións posicionarse como socialmente responsables, diferenciándose da competencia e reforzando, de xeito positivo, a súa imaxe ante clientes e consumidores.

Entre outras vantaxes ambientais, optimizará a xestión de recursos e residuos, reducirá os impactos ambientais negativos derivados da súa actividade ou aqueles riscos asociados a situacións accidentais.

Economicamente, ademais de potenciar a innovación e a produtividade, as organizacións terán a posibilidade de reducir custos da xestión de residuos ou primas de seguros, eliminar barreiras á exportación, reducir o risco de litixios e sancións, ter maior acceso a subvencións e outras liñas de financiamento preferentes ou diminuír os riscos laborais motivando ao persoal.

EMAS, SISTEMA EUROPEO DE ECOXESTIÓN E ECOAUDITORÍA:

O sistema comunitario de xestión e auditoría ambiental (EMAS) promove a mellora do comportamento ambiental das organizacións de todos os sectores. Ademais, ao igual que ISO 14001, propón unha sistemática eficaz e flexible para axudar ás organizacións a xestionar e mellorar, de xeito continuo, o seu labor ambiental. Non obstante, ademais de incluír e esixir o cumprimento de todos e cada un dos requisitos da norma ISO 14001, EMAS contén outros requisitos adicionais.

Un factor fundamental que distingue a EMAS é a subministración periódica de información ambiental, a través dunha *Declaración ambiental*. Ao existir un rexistro público das empresas europeas adheridas a EMAS que se xestiona no seo da Comisión Europea, EMAS proporciona un incremento das posibilidades de negocio no ámbito comunitario, ante a crecente demanda por parte das empresas de esixir os seus provedores e ofrecer á súa clientela unha garantía fiable e recoñecida da boa xestión ambiental.

Patrimonio natural, cultural e paisaxístico

O marco institucional de referencia do patrimonial reafirma a idea do patrimonio como riqueza dun ámbito e unha sociedade. A nova concepción de patrimonio amósao como un recurso non renovable, de gran fragilidade, e que está composto por unha variable natural, cultural e paisaxística.

Tradicionalmente recoñécese o impacto que o sector da construción ten sobre o patrimonio natural, xa que se vincula á realización de grandes obras de enxeñaría como presas, estradas, canles, túneles, etc., provocan substanciais impactos no equilibrio do medio, actuacións que destrúen especies vexetais e animais, modifican os patróns naturais do terreo, cambian o curso das correntes de auga, xeran contaminación acústica e atmosférica, e mesmo obrigan a desprazarse dos seus fogares e desprenderse das súas terras a moitas persoas.



Estes impactos negativos compénsanse co impacto positivo que se xera a través da execución dun proxecto que permite o desenvolvemento da poboación local e mellorar o nivel de vida do ámbito.

Nesta guía non imos abordar en detalle as accións que en materia de protección do patrimonio natural poden desenvolver as empresas do sector da construción, xa que a lexislación española obriga as organizacións que executan estas obras a realizar un **estudo de impacto ambiental** que debe recibir o visto e prace da autoridade competente antes de recibir o permiso de iniciación de actividade.



En canto ao patrimonio cultural e paisaxístico, Galicia é unha comunidade especialmente singular. A súa situación xeográfica no planeta, a proximidade do océano e a existencia das altas serras orientais, a súa morfoloxía, os seus ríos e a súa gran diversidade biolóxica, configuran unha paisaxe única e irrepetible. É responsabilidade das administracións públicas e de todas as persoas manter o respecto por este patrimonio paisaxístico.

*En canto ao patrimonio cultural
e paisaxístico, Galicia é unha
comunidade especialmente singular.*

O papel que as empresas do sector da construción poden desenvolver en canto a preservación do ámbito cultural e paisaxístico ten un impacto moi alto sempre que se considere como outra variable a integrar dentro do deseño e execución da obra. De feito, a Xunta de Galicia xa contempla na súa **Estratexia Galega de Paisaxe** que en todos os proxectos que deban someterse ao procedemento de Declaración de Impacto Ambiental as entidades promotoras incorporen no estudo de impacto ambiental un apartado



específico sobre impacto e integración paisaxística, documento específico no que se avaliarán os efectos e impactos que o proxecto poida provocar na paisaxe e as medidas de integración paisaxísticas propostas.

Ademais, a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, conta cun banco de recursos públicos en materia de impacto e integración paisaxística. A xeito de exemplo, cabe destacar a Guía de boas prácticas para as intervencións nos núcleos rurais.

En relación ao patrimonio cultural, é imprescindible destacar o impacto que a execución dunha obra ten en torno ás rutas do Camiño de Santiago. As empresas que realicen algún tipo de actividade que implique un risco de perda, deterioración ou destrución do patrimonio galego, vense expostas a sancións.

DIMENSIÓN SOCIAL

A dimensión social é quizais a máis relevante da RSE porque é a máis susceptible a xerar riscos ás empresas. Ten unha compoñente externa, vinculada ao impacto sobre as comunidades locais e unha compoñente interna, de relacións coas persoas empregadas.

Dentro das empresas existe unha gran cantidade de iniciativas que se poden desenvolver para mellorar as relacións co seu persoal, partindo sempre do cumprimento dos dereitos humanos e laborais das persoas traballadoras, o recoñecemento da súa profesionalidade a través dun salario digno e a promoción dun ámbito de traballo seguro e saudable. A continuación recóllense algunhas das actuacións que se poden levar a cabo nas empresas do sector.

Seguridade e saúde

Os datos do *Informe anual de accidentes de traballo en España (2013)* do Observatorio Estatal de Condicións de Traballo do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, amosan que o sector da construción foi o de maior índice de incidencia (6.024,1 accidentes de traballo con baixa en xornada de traballo por cada 100.000 traballadores afiliados), superando en máis do dobre a media dos índices sectoriais (3.009,2). Estas cifras e as características propias das empresas deste sector fan que a accidentabilidade sexa un dos factores críticos no desenvolvemento das súas estratexias de operacións, polo que a seguridade e a saúde nas organizacións é un aspecto que debe ser incluído nas súas políticas de xestión e de responsabilidade social.

En España, a Lei de prevención de riscos laborais marca os requisitos legais que todas as empresas deben cumprir en materia de seguridade e hixiene.



A integración da PRL nas estratexias de RSE esixe ir máis alá do cumprimento formal destas obrigas, recomendando para iso:

- A aceptación da prevención en todas as actividades da empresa. Este punto soamente se poderá alcanzar se se implica a dirección en todas as actuacións de PRL.
- A promoción da cultura da prevención e a seguridade, a través de programas e accións de prevención entre o seu persoal, do desenvolvemento de avaliacións periódicas dos riscos laborais e psicosociais aos cales están expostas as persoas traballadoras e a formación continua en materia de PRL a todos os membros do equipo.
- O seguimento dos bos resultados alcanzados en PRL e comunicalo a todos os seus grupos de interese a través das diferentes canles de comunicación coas que conta a empresa, resultando de especial interese vincularlos á memoria de sustentabilidade.

Para poder ampliar os coñecementos en materia de seguridade no traballo e así dispoñer de suficientes recursos para mellorar no ámbito da PRL, recomendamos acceder ao *Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo* onde existe numerosa información sobre normativa aplicables aos diferentes sectores de actividade económica, documentación (en especial, as notas técnicas de prevención) e formación. Ademais o INSHT puxo en marcha o programa Prevención10.es un servizo público gratuito de asesoramento en materia de prevención de riscos laborais para microempresas e traballadores autónomos.



Imaxe cedida pola Fundación Laboral da Construción

Outra institución que traballa firmemente pola promoción da prevención da seguridade e saúde nas empresas da construción é a *Fundación Laboral da Construción*. Dende a súa



Ferramentas de
responsabilidade
social empresarial.
Os alicerces da
sustentabilidade.

Área de Seguridade e Saúde, realízanse numerosas actuacións en diversos campos, como a formación especializada en prevención de riscos laborais (tanto a formación inicial en PRL ou Aula Permanente de Prevención, coma a formación de segundo ciclo orientada ao posto de traballo ou oficio); o asesoramento técnico mediante visitas a obras e a través do servizo “Liña prevención”; accións de divulgación (folletos, carteis, manuais...), e proxectos de investigación.

Ao igual que noutros ámbitos da xestión empresarial, a organización internacional BSI elaborou un estándar de certificación para os sistemas de xestión da seguridade e a saúde na empresa, a norma OSHAS 18001. Esta normativa voluntaria permite que todo tipo de organizacións poidan ser avaliadas e certificadas en materia de PRL. Non obstante, este tipo de certificación, aínda que non é pouco, só certifica que se superaron os mínimos legais esixidos en España.

Formación e Capacitación Profesional

O sector da construción presenta unhas características particulares en relación ao resto de sectores da economía española, conta cunha estrutura de ocupacións composta principalmente por persoas traballadoras cualificadas e non cualificadas e onde os niveis de formación maioritarios corresponden á educación primaria e educación secundaria de primeira etapa.

Sobre a base deste perfil de “empregado tipo” resulta de grande interese para as empresas investir na formación dos seu persoal. Que a empresa aposte pola formación das súas persoas empregadas é un claro indicador de que a organización conta e confía nelas, promovendo indirectamente un sentimento de motivación e compromiso cara ela. Por esta razón, resulta de especial interese poñer en marcha plans de formación de competencias técnicas e habilidades profesionais e persoais vinculados a:

- O desenvolvemento de coñecementos, habilidades e aptitudes que lle axuden a desenvolver de forma máis eficaz o seu traballo ou a posibilitar executar novas funcións dentro da empresa.
- A adquisición de competencias transversais que axude ao persoal da organización a crecer como persoas e como profesionais (a xeito de exemplo, pódese programar cursos de manexo de aplicacións informáticas, idiomas, habilidades de comunicación, etc.)

Anteriormente viuse a importancia que a prevención da seguridade e a saúde ten nas empresas do sector. Un dos aspectos máis importante da acción preventiva é a formación que o persoal recibe e que garante que coñece os riscos ante os cales se ve exposto no desenvolvemento das súas actividades laborais (e como previlos).

A *Fundación Laboral da Construción* dispón da **Tarxeta Profesional da Construción**, unha ferramenta estreitamente vinculada coa formación en materia de prevención de riscos laborais, que está a disposición de todos os traballadores e traballadoras do sector da construción. Esta ferramenta avala a formación recibida, a experiencia no sector e a



cualificación profesional. Ademais das vantaxes que leva consigo para a persoa que a posúe, permite que as empresas poidan certificar que contan con persoal que posúe formación en materia de prevención de riscos laborais e explicitar desta forma o seu compromiso coa consecución de taxa cero de accidentes laborais no seu desenvolvemento empresarial.



Imaxe cedida pola Fundación Laboral da Construción

Igualdade entre mulleres e homes

Nas empresas do sector da construción a presenza da muller segue a ser anecdótica no total dos seus equipos e os postos que ocupan están vinculados á área administrativa, á área de prevención ou de dirección de obras. Esta afirmación vén avalada polos datos máis actuais facilitados polo Ministerio de Emprego e Seguridade Social no informe sobre *A situación das mulleres no mercado de traballo 2014*, o sector da construción é o que menor índice de ocupación feminina presenta cunha porcentaxe do 8,3% de mulleres empregadas sobre o total de traballadores (valores moi inferiores aos demais sectores: agricultura 23,3%, industria 25,2% e servizos 53,4%).

Por esta razón, recoméndase que sexan as empresas as que aposten dentro das súas políticas de responsabilidade social por impulsar unha igualdade efectiva entre mulleres e homes. Unha das primeiras accións que pode desenvolver é a elaboración de **plans de igualdade**, para o que se recomenda, así mesmo, seguir as pautas marcadas pola Consellería de Traballo da Xunta de Galicia, que elaborou unha guía cos principais pasos a seguir para elaborar un plan de igualdade nas empresas.

Da mesma forma, pode facilitar a **conciliación da vida familiar, persoal e laboral**, a través da implantación dun conxunto de medidas postas en marcha polas organizacións para promover a conciliación da vida familiar, persoal e laboral das persoas que traballan nela. Para iniciarse no deseño de medidas de conciliación pode consultarse as ferramentas que pon a disposición pública a Fundación Másfamilia que, entre outras, conta cun observatorio dirixido a analizar e investigar a conciliación da vida familiar, persoal



e laboral nas empresas. Ademais puxo en marcha o esquema privado de certificación EFR que considera medidas como a flexibilidade temporal e espacial, o apoio ás familias do persoal, o desenvolvemento e competencia profesional...



Imaxe cedida pola Fundación Laboral da Construción

Un paso máis alá, que se vincula con accións sociais a nivel externo, é a promoción do desenvolvemento profesional da muller nas empresas da construción en centros de formación profesional e carreiras técnicas vinculadas ao sector para aumentar a atracción das rapazas nestas áreas de especialización e poder aumentar así as cotas de igualdade de xénero no sector. Alianzas con institucións públicas e/ou privadas e outras entidades vinculadas ao mundo da educación para aumentar a cualificación técnica da muller ten un grande impacto na sociedade e na propia organización, xa que pode contar con mulleres tecnicamente formadas e incorporalas á súa estrutura.

A cadea de valor da empresa

A cadea de valor das organizacións en ocasións adoita ser moi longa e inclúe moitas empresas e persoas. Como xa se comentou neste documento, as empresas deben ser conscientes que a súa responsabilidade non remata onde empezan a subcontratar, senón que todas as actividades executadas pola súa cadea de valor se vinculan ao produto/servizo que ofrecen e, polo tanto, deben estar incluídas dentro das súas políticas de responsabilidade social. Ademais, hai que ser conscientes de que en moitas ocasións a reputación dunha empresa pode verse afectada directamente por unha mala xestión de aspectos de sustentabilidade das empresas que forman parte da súa cadea de valor.



En España existe unha lexislación específica sobre subcontratacións no sector da construción que recolle que *“non se poderá subcontratar salvo que se dean algún dos supostos que permitan, con carácter excepcional, ampliar o réxime da subcontratación nun cuarto nivel”*. Sobre a base desta lexislación, polo menos a nivel descendente da cadea de valor, as empresas poden implementar de xeito sinxelo actuacións de RSE para xestionar as relacións coas entidades que subcontratar. Así, ademais de contribuír á implantación da RSE a través da adhesión ao seu código de conduta, as empresas poden:

- Contribuír á creación de emprego e crecemento socioeconómico do seu ámbito máis próximo a través de realizar estas subcontratacións con empresas locais.
- Crear foros de intercambio de experiencias en materia de responsabilidade social para visibilizar os beneficios da adopción destas prácticas e animar as empresas a adoptar este modelo de xestión. Nestes foros tamén se fomenta, de forma indirecta, un coñecemento máis profundo da responsabilidade social.
- Apostar pola co-produción, implementar conxuntamente melloras socioambientales nos procesos de produción dos provedores e da propia organización.
- Promover a adopción de criterios de sustentabilidade na xestión das empresas subcontratar. Posteriormente, débese desenvolver un proceso de verificación de que as empresas seleccionadas cumpren con estes requisitos.
- Participar en iniciativas sectoriais co obxectivo de mellorar a xestión responsable na cadea de subministración.

Accesibilidade

O **Informe Olivenza 2014**, do Observatorio Estatal de Discapacidade, amosa que en España hai case 4 millóns de persoas con discapacidade, polo que a accesibilidade é un aspecto irrenunciable en calquera tipo de sector de actividade. As organizacións do sector da construción xogan un papel moi importante á hora de contribuír á promoción da accesibilidade tanto a nivel interno como externo.

A nivel interno, xa a Lei de prevención de riscos laborais recolle no seu artigo 25 a protección de persoas traballadoras especialmente sensibles a determinados riscos: *“O empresario garantizará de xeito específico a protección dos traballadores que, polas súas propias características persoais ou estado biolóxico coñecido, incluídos aqueles que teñan recoñecida a situación de discapacidade física, psíquica ou sensorial, sexan especialmente sensibles aos riscos derivados do traballo. A tal fin, deberá ter en conta os devanditos aspectos nas avaliacións dos riscos e, en función destes, adoptará as medidas preventivas e de protección necesarias”*.

Por todo iso, as empresas deben incluír criterios de accesibilidade nas súas novas instalacións ou na realización de remodelacións, adaptacións dos postos de traballo... e desta forma poder incorporar persoal con discapacidade ao seu equipo. Pero non se debe perder de perspectiva que, ademais de garantir a accesibilidade na edificación,



se pode contar con medios de transporte da empresa accesibles, contar con bens de equipo e produtos accesibles, etc. Resulta de grande interese para aquelas empresas que decidan emprender estas actuacións consultar a **Guía de accesibilidade para empresas** da Fundación Adecco e o Club de Excelencia en Sustentabilidade.



Se ben é importante o papel que as empresas do sector da construción en materia de accesibilidade a nivel interno, que é similar ao de organizacións doutros sectores, máis o é aínda a nivel externo. En primeiro lugar a nivel de edificación, dende a obra nova, reformas e rehabilitacións porque, se ben existe normativa específica ao respecto, a realidade amosa que aínda está bastante afastada dun mundo accesible pero, sobre todo, a nivel de execución de obra en vía pública. Aquí o papel de sensibilización e concienciación é moi relevante, habilitando pasos accesibles en zonas peonís, delimitando as zonas de abasto de material na calzada, limpando diariamente a zona de obra e manter desta forma o itinerario peonil limpo continuamente, etc.

Ademais destas dúas cuestións analizadas, en relación á dimensión social interna da RSE pódense implantar::

■ **Establecer un plan de comunicación interna en RSE:** transversal a todas as áreas da empresa e cuxo obxectivo principal sexa dar a coñecer e facer comprender a situación da empresa en relación á RSE para, posteriormente, lograr o compromiso de todo o seu persoal e facilitar a participación efectiva deste. É moi importante que este plan sexa permeable e que a comunicación non sexa xerárquica, ten que estar aberto a recoller as suxestións do persoal, xa que se trata dun dos seus principais grupos de interese.



— **Deseño de estratexias para fomentar a participación e compromiso do persoal:** existen moitas formas de implicar á persoa traballadora coa súa empresa. Unha das iniciativas máis recentes e que está a ter un rápido auxe en España é o *voluntariado corporativo*. O voluntariado corporativo é unha ferramenta que permite á empresa crear unha cultura de compromiso no seu persoal, motivalo, incrementar o seu nivel de satisfacción persoal e mellorar o ambiente laboral nos equipos de traballo. Para iso as empresas posibilitan que o seu persoal poida colaborar con iniciativas ou organizacións do terceiro sector durante as horas de traballo.

3.3. O PRODUTO

As accións de RSE vinculadas ao produto/servizo, están dirixidas ao diálogo directo cos clientes e consumidores, así como cos seus grupos de interese vinculados á sociedade civil. Existen varias alternativas para desenvolver iniciativas neste ámbito pero centrarémonos en dúas: memorias de sustentabilidade e alianzas con entidades da sociedade civil.

MEMORIAS DE SUSTENTABILIDADE

As memorias de sustentabilidade ou memorias de responsabilidade social empresarial, son documentos que deben proporcionar unha imaxe equilibrada e razoable do desempeño en materia de sustentabilidade por parte da empresa. Fundamentáanse no enfoque *Triple Bottom Line (TBL)* xa que o que se pretende é ofrecer un enfoque equilibrado en termos económicos, ambientais e sociais. Ademais débense incluír non só os aspectos positivos, senón tamén aqueles que contribúen de forma negativa. Desta forma estase a garantir a transparencia permitindo que sexa un instrumento moi útil para avaliar externamente o impacto dunha organización, máis alá da súa actuación financeira.

No ámbito internacional foron varias as institucións que elaboraron parámetros para artellar a vangarda en materia de RSE. Entre elas destacan AccountAbility, a OCDE, o Pacto Mundial das Nacións Unidas, a OIT, Transparencia Internacional e o Global Reporting Initiative, sendo esta última o gran referente empregado polas empresas para a elaboración das memorias de sustentabilidade. Todas elas estiveron a revisar periodicamente as súas directrices e introducindo modificacións para adaptala aos novos contextos, marcou fundamentalmente a importancia que cada vez máis van obtendo os grupos de interese.

GLOBAL REPORTING INITIATIVE (GRI):

As directrices do GRI refírense a catro principios respecto ao contido das memorias: materialidade, participación dos grupos de interese, contexto de sustentabilidade e exhaustividade. A GRI pon énfase na materialidade. Este concepto implica que as memorias deben cubrir aqueles aspectos e indicadores que reflectan os impactos significativos (económicos, sociais e ambientais) da organización ou aqueles que poderían



exercer unha influencia substancial na toma de decisións dos grupos de interese. As memorias realizadas sobre a base de GRI poden ser verificadas por unha terceira entidade independente, o que proporciona un grao adicional de garantía e exhaustividade ás memorias de sustentabilidade, ademais de mellorar a calidade, utilidade e credibilidade da información empregada internamente e dos seus procesos de xestión.

No novo modelo, **GRI 4** (2013), dase unha grande importancia ao principio de materialidade, o que implica que as organizacións só deberán informar nos seus informes dos indicadores que consideraron claves para a súa actividade e no seu ámbito xeográfico. Un bo informe de sustentabilidade baseado no modelo GRI 4 estará determinado por unha correcta identificación dos asuntos clave da organización. Isto implica traballar o contexto de sustentabilidade na organización considerando a todos os grupos de interese nas tres dimensións da RSE, para poder concretar os aspectos materiais clave e comunicar no informe os indicadores máis importantes.

As empresas que decidan elaborar unha memoria sobre a base do estándar GRI poden empregar a ferramenta **XUNTA PRO-RSE**, creada con pola Xunta de Galicia co obxectivo de axudar as empresas a integrar as variables da RSE na súa xestión empresarial. Esta ferramenta permíteche realizar un autodiagnóstico inicial (para coñecer a situación actual de cada organización nestes ámbitos) e a construción dun cadro de indicadores de RSE das súas actividades, ademais de recoller as políticas, compromisos e obxectivos que a empresa adquira, para posteriormente revisar o seu cumprimento. Ademais, permite a realización de informes sobre a base de diferentes estándares (entre eles o GRI).

ACCOUNTABILITY:

Esta organización internacional presenta un conxunto de normas denominadas AA1000 que se basean en principios que promoven a participación activa dos seus grupos de interese no desenvolvemento e no logro dunha resposta responsable e dunha estratexia orientada cara á sustentabilidade. Isto permite ás empresas identificar e comprender os seus resultados e o impacto social, ambiental e económico, e os puntos de vista dos grupos de interese, así como considerar e responder de xeito coherente ás aspiracións e necesidades dos grupos de interese respecto das políticas e prácticas da organización; e, finalmente, dar conta das súas decisións, accións e impactos sobre os grupos de interese.

ALIANZAS CON ENTIDADES DE LA SOCIEDAD CIVIL

Por último, en relación co produto final, as empresas poden apostar por realizar alianzas con organizacións da sociedade civil que vaian máis alá de accións de filantropía ou de organización de eventos con fins promocionais. Neste punto, débese actuar baixo unha perspectiva estratéxica buscando unha colaboración onde ambas as dúas partes contribúan con coñecementos, experiencias e recursos, compartindo ao mesmo tempo riscos e beneficios.




CAMPAÑAS DE SENSIBILIZACIÓN E/OU CONCIENCIACIÓN:

Onde as empresas asumen un rol de apoio, defensa e contribución ao desenvolvemento dunha iniciativa, xeralmente, relacionada con aspectos sociais e/ou ambientais. Neste punto hai que facer referencia á importancia de que as campañas de sensibilización e/ou concienciación onde participen as empresas do sector da construción estean centradas en temáticas vinculadas á súa estratexia empresarial. Accións vinculadas á promoción da prevención da seguridade e saúde na empresa, preservación do patrimonio natural, cultural e paisaxístico, entre outros, proporcionan beneficios a longo prazo nas empresas, vinculadas á valoración de intanxibles e aumento da reputación.

FILANTROPÍA ESTRATÉXICA OU ACCIÓN SOCIAL:

Apoio financeiro ou contribucións benéficas de forma planeada e sistematizada a entidades do terceiro sector. Das moitas iniciativas nas que as empresas do sector da construción poden contribuír, é recomendable que se decanten por aquelas vinculadas á súa visión estratéxica.





RSE *Benchmarking.*

4.1. QUE FAN AS PEMES?

TÍTULO DA BOA PRÁCTICA

CONSTRÚE VIDA 2015

EMPRESA

DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS S.L.

ÁMBITO DA BOA PRÁCTICA

ACCIÓN SOCIAL

RESPONSABLE/S

GERARDO COLLAZO ESMORÍS E GUSTAVO MOURE ÁLVAREZ.

DESCRIPCIÓN DETALLADA

O proxecto **Constrúe Vida** nace no ano 2015 co obxectivo de apoiar e colaborar con ONG e entidades con fins sociais de diferentes ámbitos, dando apoio económico a doce causas solidarias e promovendo a difusión das actuacións das devanditas organizacións cedéndolles o espazo dos valados das nosas obras máis céntricas.

A campaña iniciouse no mes de xaneiro coa **ONG Terra de Homes** na súa “*Víaxe cara á Vida*”, un programa que traslada a centros especializados da cidade a nenos e nenas procedentes de países en vías de desenvolvemento para someterse a intervencións e tratamentos médicos inalcanzables no seu ámbito. No mes de febreiro colaboramos con **Cruz Vermella Española** organizando unha travesía a nado solidaria gratuíta, onde a inscrición dos participantes consistía na achega para o banco de alimentos, recoñecendo así o labor do voluntariado de Cruz Vermella que axuda a centos de familias no noso país. A nosa terceira colaboración foi coa **ONGD Amigos de Ositeti**, unha asociación comprometida a axudar á comunidade Masai de Kenya e que está a levar a cabo varios plans de actuación relacionados coa sanidade, a educación e o deporte. Tras a catástrofe de Nepal acontecida o pasado 25 de abril, decidimos que a causa para ese mes tiña que axudar ás vítimas dos terribles terremotos que asolaron o país, colaborando coa **ONG Médicos do Mundo** para tal fin.

A **ONGD Viraventos** foi a colaboración do mes de maio, unha asociación que traballa por un modelo social baseado na interculturalidade e a xustiza por medio da intervención directa co colectivo inmigrante e a sensibilización da poboación.

En xuño incorporouse ao programa Constrúe Vida a **ONG Meniños**, unha fundación especializada na protección á infancia e a adolescencia, cun traballo orientado a garantir o seu dereito a vivir en familia.

Todas as organizacións teñen un espazo creado especialmente para eles na nosa [páxina web](#) e están presentes nos nosos valados máis céntricos, dándolles a maior difusión posible e achegándoos á xente.

A campaña de sensibilización a pé de rúa resultou ser un éxito, pois incorporou aos proxectos solidarios máis colaboradores, animados polos valados que están presentes nas rúas máis céntricas da cidade da Coruña, tales como a Avenida de La Marina, San Nicolás, rúa Orzán, Praza Mestre Mateo e Praza de Vigo.



Imaxe cedida por Desarrolla Obras y Servicios.

TÍTULO DA BOA PRÁCTICA

IMPLANTACIÓN DUN SISTEMA DE XESTIÓN AMBIENTAL EMAS

EMPRESA

REVILLA Y GARCÍA S.L.

ÁMBITO DA BOA PRÁCTICA

PROTECCIÓN AMBIENTAL

RESPONSABLE/S

ALTA DIRECCIÓN



DESCRIPCIÓN DETALLADA

REVILLA Y GARCÍA inviste moitos esforzos no coidado do ambiente, a través do respecto do ámbito natural que lles rodea e a prevención e mitigación de riscos ambientais. Os seus servizos son competitivos e están completamente adaptados ás necesidades do mercado con relación ao cumprimento dos máis altos estándares de calidade e prevención de riscos no proceso de produción destes. Por iso, contan cun Sistema de Xestión de Calidade (Norma UNE-NISO 9001:2008), un **Sistema de Xestión Ambiental** (Norma UNE-NISO 14001:2004) e un Sistema de Xestión de Seguridade e Saúde (OHSAS 18001:2007). Grazas a este **sistema de xestión integrado** aseguran a eficiencia, a seguridade e a fiabilidade de todas as actividades que desenvolven.

No ano 2010 consolidan o seu compromiso ambiental mediante a verificación ambiental realizada conforme ao **Regulamento EMAS III**.

O Rexistro EMAS é unha ferramenta voluntaria deseñada pola Comisión Europea para a inscrición e recoñecemento público daquelas empresas e organizacións que teñen implantado un sistema de xestión ambiental que lles permite avaliar, xestionar e mellorar os seus impactos ambientais, asegurando así un comportamento excelente neste ámbito.

REVILLA Y GARCÍA ten aprobada unha política ambiental que se materializa na implantación dun sistema de xestión ambiental. Periodicamente rendemos contas do seu funcionamento a través dunha declaración ambiental verificada por organismos independentes.

TÍTULO DA BOA PRÁCTICA

RSE EN CONSTRUCCIONES MOUZO Y SOUTO

EMPRESA

CONSTRUCCIONES MOUZO Y SOUTO S.L.

ÁMBITO DA BOA PRÁCTICA

CONTRATACIÓN DE PROVEDORES LOCAIS/ACCIÓN SOCIAL/PATROCINIO

RESPONSABLE/S

ALTA DIRECCIÓN

DESCRIPCIÓN DETALLADA

CONSTRUCCIONES MOUZO Y SOUTO leva dende o ano 1991 desenvolvendo proxectos para administracións públicas e promotores particulares. Destacamos a participación en numerosos proxectos de edificación singulares, algúns deles resultaron premiados en importantes certames de arquitectura. A xeito de exemplo, citamos a Rehabilitación do Antigo Cárcere de Carballo (*Premio Nacional de Arquitectura*) ou a Piscina Cuberta de Laracha (*Primeiro Premio de Obra Nova ano 2000 do C.O.A.G. e V Premio de Arquitectura Julio Galán Carvajal*, entre outros).

Dende o inicio da súa actividade, CONSTRUCCIONES MOUZO Y SOUTO desenvolveron accións de responsabilidade social corporativa, se ben é certo que non se encontran estruturadas en ningunha estratexia nin plan de acción. Estas accións vertébranse en dous eixes:

- **Contratación de persoas traballadoras e provedores locais:** co obxectivo de contribuír ao desenvolvemento socioeconómico da nosa zona xeográfica de influencia.
- **Colaboración con entidades do terceiro sector:** apoiamos economicamente a entidades como a Asociación Contra o Cancro e a Cruz Vermella España.
- **Colaboración coa administración local:** contribuímos, xunto con outras empresas do noso ámbito, á dotación dunha furgoneta para o concello destinada ao transporte de persoas con discapacidade.
- **Patrocinio:** durante varios anos patrocinamos o equipo feminino de voleibol Xiria de Carballo (Asociación Deportiva XiriaVolei).

TÍTULO DA BOA PRÁCTICA

CÓDIGO DE CONDUCTA

EMPRESA

CONSTRUCCIONES VILARIÑO

ÁMBITO DA BOA PRÁCTICA

ÉTICA E BO GOBIERNO

RESPONSABLE/S

ALTA DIRECCIÓN



DESCRIPCIÓN DETALLADA

CONSTRUCCIONES VILARIÑO forma parte das entidades adheridas ao Pacto Mundial das Nacións Unidas, comprometéndose a cumprir os seus Dez Principios. De igual xeito, anualmente publica o seu Informe de Progreso onde informa aos seus grupos de interese dos avances conseguidos na aplicación dos devanditos principios.

En 2014 publicou o seu último Informe de Progreso onde destacan os logros alcanzados en relación á mellora continua na xestión, xa que se conta cun sistema de xestión integrado, ISO 9001, ISO 14001 e EMAS, iniciando a implantación da norma OSHAS 18001 da que esperamos ter a certificación en breve, buscando reafirmar un ámbito laboral seguro e saudable. Dende o punto de vista ambiental, consideramos que segue sendo un dos nosos fortes, sendo así recoñecido polos nosos principais clientes, o que demostra o noso compromiso coa sociedade, intentando traballar de xeito sustentable cun profundo respecto polo medio.

Por último, intentamos mellorar os resultados de produtividade e competitividade, elementos que consideramos clave sobre todo se temos en conta a actual situación económica. Para conseguilo é inevitable apostar polo valor humano dentro da empresa, e en consecuencia a mellora das condicións laborais do equipo, a formación, a conciliación da vida laboral e familiar, o compromiso coa comunidade a todos os niveis e a plena igualdade entre as persoas.

4.2. QUE FAN AS GRANDES EMPRESAS?

TÍTULO DA BOA PRÁCTICA

PROGRAMA DE INFRAESTRUTURAS SOCIAIS

EMPRESA

FERROVIAL

ÁMBITO DA BOA PRÁCTICA

COOPERACIÓN INTERNACIONAL

RESPONSABLE/S

ALTA DIRECCIÓN/DEPARTAMENTO RSC

DESCRIPCIÓN DETALLADA

No ano 2007 FERROVIAL inicia a súa colaboración activa nun proxecto humanitario. Non só achega financiamento, senón que participa no deseño e execución dun proxecto de abastecemento de auga en Tanzania en alianza coa **ONG Amref**. Neste participaron membros de FERROVIAL achegando o seu coñecemento e experiencia neste ámbito.

A experiencia resultou moi positiva e a compañía en 2011 decidiu establecer un Programa a longo prazo para a realización de proxectos de cooperación en colaboración con ONGs de desenvolvemento: **Programa de Infraestruturas Sociais**. Estes proxectos están baseados na construción de infraestruturas sociais básicas para auga e saneamento en Latinoamérica e África.

FERROVIAL formula o seu programa de cooperación internacional aliñado cos *Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio* impulsados polas Nacións Unidas. Concretamente, búscase contribuír a conseguir alcanzar a meta 7.c que pretende “*reducir á metade, para 2015, a proporción de persoas sen acceso sustentable á auga potable e a servizos básicos de saneamento*”. E continuaremos coa nosa contribución nos Obxectivos de desenvolvemento sustentable.



Co **Programa Infraestruturas Sociais**, FERROVIAL aposta pola súa participación en proxectos de cooperación internacional como un actor e non un simple doador. O programa establece as seguintes posibilidades de colaboración con organizacións de cooperación ao desenvolvemento:

- **Asesoría profesional:** os profesionais de FERROVIAL nos seus diversos perfís e capacidades (enxeñeiros de camiños, augas, arquitectos e outros profesionais) póñense a disposición das ONG de desenvolvemento para proporcionar o seu traballo e os seus coñecementos aos proxectos que desenvolva a ONG, xa sexa en terreo ou en sede.
- **Proxectos de cooperación activa:** a compañía apoia e financia proxectos de abastecemento de auga e saneamento de organizacións non lucrativas que operen en África e América Latina, e proporciona, ademais, asistencia técnica, tecnoloxía e a participación dos seus profesionais nos proxectos.

Todos os proxectos que xorden deste programa se xestionan a través dun Comité formado por representantes da ONG e a empresa, no que esta última actúa como asesor técnico en infraestruturas.



Imaxe cedida por Ferrovial.

Para FERROVIAL:

- Orgullo de pertenza.
- A comunicación entre departamentos e entre negocio incrementouse grazas ao programa.
- Recoñecementos á empresa polo seu investimento na comunidade.
- Ferrovial especializouse no ámbito de auga e saneamento en materia de investimento na comunidade.

Para as entidades do terceiro sector:

- Melloras en cada un dos proxectos por parte dos enxeñeiros de Ferrovial
- Un ámbito colaborador e de confianza ao longo do proxecto
- Fondos recibidos pola empresa privada.

A día de hoxe executáronse 12 proxectos de auga e saneamento en Tanzania, Haití, Etiopía, Colombia, Perú e México en colaboración coas ONG como ONGAWA, Intermón Oxfam, Axuda en Acción e Plan, entre outras.

Estes proxectos suman **3,6 millóns de euros de investimento** e **162.975 beneficiarios**. Participaron 63 persoas empregadas de FERROVIAL como voluntarias e máis de **5.000 persoas** foron formadas en auga e saneamento.

TÍTULO DA BOA PRÁCTICA

FORMACIÓN AO PERSOAL EN RESPONSABILIDADE SOCIAL E IGUALDADE

EMPRESA

PUENTES Y CALZADAS INFRAESTRUCTURAS, S.L.U.

ÁMBITO DA BOA PRÁCTICA

FORMACIÓN E SENSIBILIZACIÓN DO CADRO DE PERSOAL

RESPONSABLE/S

ALTA DIRECCIÓN/DEPARTAMENTO RSC

DESCRIPCIÓN DETALLADA

Fundada en 1977 na Coruña, GRUPO PUENTES comezou a súa traxectoria cun grupo local de 50 profesionais. Herdeiros da súa primeira obra, a ponte de Rande, con grande esforzo e determinación demostraron que pronto ían ser unha empresa destacada no sector. Trinta e seis anos despois Grupo Puentes é un grupo empresarial que conta cun equipo internacional de máis de 500 profesionais e máis de 1.000 obras presentes ao longo de 11 países.

GRUPO PUENTES avoga por un **modelo de xestión empresarial responsable e sustentable**, orientado á creación de valor a longo prazo, no que desenvolve a súa actividade dende a innovación, a excelencia e o compromiso co ámbito económico, social e ambiental, e entendendo a responsabilidade social corporativa dende un punto de vista estratéxico integrado de forma transversal en todas as súas liñas de negocio.

Conscientes da necesidade de fomentar políticas sociais, laborais, éticas e ambientais, melloran de xeito continuo a eficacia do seu sistema de xestión, promovendo o desenvolvemento profesional, así como a igualdade de oportunidades entre o seu equipo.

Por iso no ano 2013 poñen en marcha o **proxecto de formación dirixido ao persoal** co ánimo de fomentar o coñecemento da responsabilidade social, a igualdade na empresa e a corresponsabilidade das accións desenvolvidas.

Tras elaborar toda a documentación necesaria para a formación, todas as persoas traballadoras foron beneficiarias desta acción na organización aumentando e profundando no coñecemento destas temáticas como acción que se engloba dentro da súa estratexia xeral de responsabilidade social corporativa.



TÍTULO DA BOA PRÁCTICA

PROXECTO ONE

EMPRESA

GRUPO ACS

ÁMBITO DA BOA PRÁCTICA

ÉTICA E BO GOBIERNO

RESPONSABLE/S

ALTA DIRECCIÓN/DEPARTAMENTO RSC

DESCRIPCIÓN DETALLADA

O **Proxecto One** busca promover boas prácticas de xestión, e enmárcase dentro da estratexia xeral do Grupo, centrada en reforzar o liderado mundial de ACS. O Proxecto One ten como obxectivo fomentar o carácter eminentemente industrial das actividades de ACS mediante unha xeneralización da cultura corporativa.

A promoción de boas prácticas de xestión céntrase nos seguintes grandes apartados:

- En termos de ética.
- En termos de eficiencia, trátanse as políticas de clientes, calidade, provedores, medio e I+D+i.
- En termos de empregados as políticas de persoal, seguridade e saúde e a acción social do Grupo ACS.

O proceso de promoción de boas prácticas divídese en dúas fases que se desenvolven cada ano; unha primeira, onde o Proxecto se centra na produción dunha análise detallada da posición das diferentes compañías do Grupo en termos de responsabilidade corporativa, e sobre as áreas de xestión salientadas, realizando unha avaliación de acordo a *Dow Jones Sustainability Index*.

E unha segunda fase onde se recomenda a implantación en cada compañía que forma parte do Grupo dunha serie de estratexias e boas prácticas, que son consecuencia da visión estratéxica do Grupo ACS, en liña cos valores da compañía antes referidos, e que supoñen unha área de mellora substancial.

Este proceso realízase de forma supervisada por consultores e verificadores externos independentes, que habilitan a incorporación de melloras de forma periódica, tanto a nivel funcional como procedemental.

Os resultados do Proxecto One resúmense en:

- A continua redefinición dun repositorio de boas prácticas de xestión non financeira, de goberno, ambientais e sociais.
- O aseguramento periódico da implantación destas nas diferentes compañías do Grupo, e do control dos seus indicadores de xestión.
- O aliñamento do Grupo ACS co *Dow Jones Sustainability Index*, do que na actualidade o Grupo forma parte no seu ámbito Europeo.
- A creación do Informe de responsabilidade corporativa que inclúe un resumo das políticas de goberno, ambientais e sociais de ACS.

O **Proxecto One** adicionalmente permite á Corporación determinar, ponderando diferentes fontes de información, cales son os temas máis materiais para promovelos dentro do Grupo no ámbito da responsabilidade corporativa. O proceso componse de varios pasos:

- O repositorio de boas prácticas que supón *Dow Jones Sustainability Index* é o primeiro input no proceso. No Proxecto One inclúense todas as iniciativas que DJSI identifica como relevantes, ordenadas pola súa importancia e ponderación.
- A contrastación do grao de aplicación e materialidade das devanditas boas prácticas realízase con máis de 140 directores funcionais e mandos intermedios de todas as compañías do Grupo. No proceso de información de One contrástase que as boas prácticas propostas son relevantes para as compañías e que os indicadores que as controlan se miden de forma correcta.

TÍTULO DA BOA PRÁCTICA

PROXECTO BIOMASS

EMPRESA

FCC

ÁMBITO DA BOA PRÁCTICA

INNOVACIÓN

RESPONSABLE/S

ALTA DIRECCIÓN/DEPARTAMENTO I+D+I

DESCRIPCIÓN DETALLADA

O esforzo en innovación realizado por FCC reverte en **avances dos que se beneficia toda a sociedade**. Cada área de negocio dispón da súa propia liña de I+D+i para dar unha resposta satisfactoria a cada unha das súas actividades. A estratexia de innovación baséase o desenvolvemento de dous eixes de traballo:

- **Fundamento para un crecemento sustentable:** empregamos importantes recursos económicos e humanos en proxectos de I+D+i. Estes proxectos van destinados a que a metodoloxía, técnica, sistemas, equipos e procesos que interveñen sexan **ambientalmente sustentables**. Deste xeito, conseguimos minimizar os impactos ambientais negativos mantendo en todo momento a **calidade** no servizo prestado.
- **Desenvolvemento urbano:** as liñas estratéxicas dos proxectos de I+D+i oriéntanse ao **desenvolvemento urbano sustentable**. Isto implica deseñar novos produtos, valorizar os residuos, optimizar os procesos e implementar tecnoloxías para unha **xestión eficiente dos residuos**. Ademais, melloramos as tecnoloxías de información, o control de procesos e a xestión de datos.

Un exemplo das actuacións de I+D+i de FCC é o **Proxecto BIOMASS**, que traballa na valorización enerxética de residuos mediante **dixestión anaerobia**. As súas melloras tecnolóxicas proporcionan un incremento da **eficiencia** e un maior **respecto ao ambiente**.

Este proxecto persegue a **valorización enerxética** dos residuos non perigosos xestionados por FCC, así como das **lamas de depuración** xeradas nas instalacións da área de xestión integral da auga mediante o emprego dunha **tecnoloxía con procesos anaerobios**, que permite un incremento da produción de biogás. Ademais, minimiza os impactos ambientais e reduce os custos.



TÍTULO DA BOA PRÁCTICA

INSCRICIÓN NO REXISTRO NACIONAL DE PEGADA DE CARBONO

EMPRESA

VÍAS Y CONSTRUCCIONES S.A

ÁMBITO DA BOA PRÁCTICA

CAMBIO CLIMÁTICO

RESPONSABLE/S

DEPARTAMENTO DE MEDIO AMBIENTE

DESCRIPCIÓN DETALLADA

VÍAS Y CONSTRUCCIONES é unha empresa madrileña que conta con máis de 250 traballadores e traballadoras e que se comprometeu a loitar contra o cambio climático minimizando as súas emisións de gases de efecto invernadoiro. Para poder avaliar os seus logros realizan o cálculo da **pegada de carbono** da organización.

Os límites establecidos no cálculo da pegada de carbono fixan as actividades de oficinas centrais e de delegacións, parque central de maquinaria, e obras cun presuposto e prazo de execución mínimo dun ano. Ademais, o cálculo inclúe tanto as emisións directas e indirectas coma as emisións difusas debidas á produción de materiais adquiridos e introducidos nas obras, viaxes de negocio, desprazamentos do persoal da empresa ao centro de traballo por medios propios.

Os resultados amosan que a pegada de carbono de VÍAS Y CONSTRUCCIONES é de **136.244 toneladas de CO₂ equivalentes**, o que resulta un total de **1.746,72 tCO₂eq/obra en execución**. Estes valores amosan que a organización conseguiu reducir nun 11,5% da media da intensidade de emisión no trienio 2011-2013 respecto do trienio 2010-2012.

Como un paso máis para a difusión dos seus resultados e, como respaldo da súa actuación respectuosa co medio, VÍAS Y CONSTRUCCIONES logrou o certificado emitido polo Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio na modalidade *Calculo e Reduzo*, así como a súa inscrición no *Rexistro Nacional de Pegada de Carbono*. Na actualidade outras oito empresas do sector da construción forman parte deste rexistro público.



4.3. QUE FAN AS PEMES NOU-TROS PAÍSES?

A continuación recóllense unha serie de boas prácticas en materia de responsabilidade social de organizacións europeas do sector da construción e que foron recoñecidas pola Unión Europea. Identificáronse no marco do proxecto “[Directrices para a mellora da RSE no sector da construción](#)”.

TÍTULO DA BOA PRÁCTICA

PASAPORTE ECOLÓXICO

EMPRESA

MISCHEK BAUTREGER SERVICE GMBH

ÁMBITO DA BOA PRÁCTICA

CONSTRUCCIÓN SUSTENTABLE

DESCRIPCIÓN DETALLADA

MISCHEK BAUTREGER SERVICE GMBH é unha peme austríaca que elaborou o proxecto **Pasaporte ecolóxico**, en colaboración co Instituto austríaco para a construción biolóxica e ecolóxica (IBO) e con expertos en materia de construción.

O proxecto prevé un conxunto de criterios xurídicos, ecolóxicos e biolóxicos baseados na comodidade, a saúde, a eficiencia enerxética e o respecto polo ámbito natural. En particular, algúns destes criterios de avaliación refírense á protección fronte ao ruído, á calidade do aire interior, ao consumo de auga e aos materiais ecolóxicos.

O Instituto IBO concede o pasaporte ecolóxico despois de levar a cabo controis nos edificios para verificar a súa conformidade coas devanditas normas.

TÍTULO DA BOA PRÁCTICA

PROXECTO GARDARÍA NA EMPRESA

EMPRESA

TODINI COSTRUZIONI S.P.A

ÁMBITO DA BOA PRÁCTICA

IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES

DESCRINCIÓN DETALLADA

TODINI COSTRUZIONI S.P.A é unha empresa italiana que abordou a necesidade que lle formulou o seu persoal de estar máis preto dos seus fillos durante a xornada laboral ante a falta de gardarías próximas. A través dunha alianza cun grupo de servizos educativos (Gruppo Matarazzo de l'Infanzia), a empresa puido organizar unha gardaría para nenos e nenas de 3 a 36 meses, con capacidade para 46 alumnos e un horario de 8 da mañá a 18,30 da tarde.



TÍTULO DA BOA PRÁCTICA

SAÚDE NA EMPRESA

EMPRESA

BOUYGUES ENTREPRISES FRANCE-EUROPE

ÁMBITO DA BOA PRÁCTICA

SEGURIDAD E SAÚDE NA EMPRESA

DESCRICIÓN DETALLADA

BOUYGUES ENTREPRISES FRANCE-EUROPE é unha organización francesa que desenvolve unha serie de actividades e iniciativas, tales como o ofrecemento ao seu persoal da posibilidade de realizar exercicios de “prequentamento” ao inicio da xornada laboral. Estes exercicios tratan de superar os pequenos problemas relacionados con inicio do traballo cada mañá, preparando para a realización de tarefas fisicamente esixentes, como son as propias das obras de construción.



Imaxe cedida por Bouygues Sud-Est.

TÍTULO DA BOA PRÁCTICA

IMPLANTACIÓN DA NORMA SA 8000

EMPRESA

FRATINI COSTRUZIONI

ÁMBITO DA BOA PRÁCTICA

XESTIÓN DA RSE NA CADENA DE PROVEDORES

DESCRIPCIÓN DETALLADA

FRATINI COSTRUZIONI é unha peme italiana que se fixa como obxectivo o cumprimento a nivel mundial da norma SA 8000, respondendo ao mesmo tempo ás duras condicións que prevalecen nas cadeas de subministración no sector da construción. A empresa desenvolveu un programa de seguimento para avaliar e seleccionar os seus provedores e socios sobre a base de principios éticos e de responsabilidade social. Estes criterios tratan de orientar a selección de provedores da empresa.





Banco
de recursos.

5. BANCO DE RECURSOS

Ao longo da guía comentáronse unha serie de guías, manuais, códigos e estándares para a aplicación de prácticas de RSE por parte das empresas da cadea de valor da madeira. A continuación ofrécese a listaxe de todas elas, completado con algunhas iniciativas adicionais que poden resultar de interese:

- **AccountAbility**, organización internacional que promove unha norma para asegurar a calidade da información dos informes de responsabilidade social.
- **Asociación Española de Directivos de Responsabilidad Social. DIRSE**, primeira agrupación profesional e persoal da RSE en España.
- **British Standards Institution (BSI)**, é unha organización internacional que ofrece servizos baseados en normas, formación, auditoría e certificación. Entre os estándares que desenvolve cabe destacar a norma **OSHAS 18001** sobre sistemas de xestión da seguridade e saúde no traballo.
- **Catálogo Europeo de Ecoetiqueta**, onde se recolle por sectores os produtos e servizos certificados coa ecoetiqueta, clasificados por categoría e por país.
- **Clube de Excelencia en Sustentabilidade**, asociación empresarial composta por un grupo de grandes empresas que apostan polo crecemento sustentable dende o punto de vista económico, social e ambiental.
- **Consello Empresarial Mundial para o Desenvolvemento Sustentable (WBCSD)**, que conta cun amplo **catálogo de recursos** onde destacan os títulos enmarcados no bloque temático de *eficiencia enerxética en edificios 2.0* e a *iniciativa de infraestrutura urbana*.
- **Consello Estatal de RSE**, dependente do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, conta con cinco grupos de traballo y desenvolveu a **Estratexia Española de Responsabilidade Social das Empresas** impulsadas polo Goberno de España.
- **CSR Europe**, plataforma de traballo europeo de empresas para a promoción da RSE.
- **Dircom2R**: ferramenta para avaliar o estado da súa responsabilidade corporativa dunha empresa segundo unha serie de indicadores. Este proxecto está impulsado pola Asociación de Directivos de Comunicación.
- **EMAS**, sistema europeo de ecoxestión e ecoauditoría.

- **Forética**, asociación de empresas e profesionais da RSE líder en España que ten como misión fomentar a cultura da xestión ética e a responsabilidade social dotando as organizacións de coñecemento e ferramentas útiles para desenvolver con éxito un modelo de negocio competitivo e sustentable. Conta cun sistema de xestión da responsabilidade social europeo (**SGE 21**) que permite, de xeito voluntario, auditar procesos e alcanzar unha certificación en Xestión Ética e Responsabilidade Social. Ademais, impulsa publicacións de interese en RSE como o **Informe Forética 2015 sobre o estado da RSE en España.**
- **Fundación Biodiversidade**, iniciativa do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio que impulsa múltiples iniciativas no ámbito do respecto pola biodiversidade animal e vexetal.
- **Fundación Másfamilia**, organización privada, independente, sen ánimo de lucro e de carácter benéfico, creada e dirixida para achegar solucións innovadoras e altamente profesionais, onde se enmarca o **certificado EFR**, para a protección e apoio da familia e, especialmente, daquelas con dependencias no seu seo.
- **Fundación ESSL**, organización sen ánimo de lucro que traballa por alcanzar un mundo sin barreiras, de acordo polo establecido na **Convención polos Dereitos das Persoas con Discapacidade.**
- **Fundación ÉTNOR**, organización sen ánimo de lucro que ten como obxectivo promover o recoñecemento, difusión e respecto dos valores éticos implícitos na actividade económica e na calidade das organizacións e institucións públicas e privadas.
- **Fundación Laboral da Construción**, organización sen ánimo de lucro que pretende *aprender a construír un mundo mellor*. É a organización sectorial que máis apoio ofrece ás empresas en materia de **prevención de riscos laborais, formación e emprego.**
- **Guía de construción sustentable**, do Ministerio de Medio Ambiente.
- **Guía para a elaboración de plans de igualdade nas empresas**, publicada pola Xunta de Galicia.
- **Guía para a implantación da responsabilidade social empresarial na peme;** publicada pola Xunta de Galicia.
- **Global Reporting Initiative (GRI)**, páxina web onde se poden consultar todos os recursos desta organización para o apoio na elaboración das memorias de sustentabilidade. É destacable a base de datos con memorias de sustentabilidade que se rexistran na súa páxina web.
- **IHOBE**, sociedade pública vasca, que conta cun apartado de recursos específico sobre **edificación sustentable.**

- **Informe económico e de competitividade Ardán Galicia 2015**, que inclúe un diagnóstico da RSE e unha serie de reportaxes sobre boas prácticas nalgunha das dimensións da RSE de dez empresas galegas.
- **Instituto Galego de Estadística**, que conta cun apartado específico para o sector da **construción e vivenda**.
- **Instituto Galego de Seguridade e Saúde**, que desenvolve actuacións no eido da formación, da difusión (con manuais e publicacións técnicas) e que conta cun observatorio que amosa datos estadísticos sobre seguridade e saúde laboral.
- **Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo**, organismo dependente do Ministerio de Emprego e Seguridade Social cuxa misión é promover e apoiar a mellora das condicións de seguridade e saúde no traballo. Presenta un gran catálogo de recursos dirixidos ás empresas e aos técnicos de prevención de riscos laborais, entre os que destacamos as **notas técnicas de prevención**. Ademais puxo en marcha o portal web **Prevención10.es** para axudar a impulsar a PRL para as microempresas e traballadores autónomos.
- **Instituto para a Diversificación e o Aforro de Enerxía**: organismo adscrito ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, a través da Secretaría de Estado de Enerxía que posúe un **banco de publicacións** moi completo no ámbito das enerxías renovables e o aforro e a eficiencia enerxética, entre outros.
- **International Organization for Standardization (ISO)**, a Organización Internacional de Normalización é o organismo encargado de promover o desenvolvemento de normas internacionais de certificación. Esta institución elaborou a **ISO 26000**, que non é unha norma certificable, xa que o seu enfoque non é impositivo senón de recomendacións para implantar a norma. Na súa páxina web tamén se pode obter información sobre outros estándares certificables relacionados coa RSE como a **ISO 14001** e a **ISO 50001**.
- **IQNet**, entidade certificadora de ámbito internacional, que agrupa a máis de 30 dos principais organismos certificadores de diferentes países. A entidade AENOR é a representante española nesta entidade.
- **Lei 13/1982, de 7 de abril, de integración social dos minusválidos**.
- **NORMAPME**, organización Europea do Artesanado e das Pemes para a Estandarización, que elaborou unha **guía** con recomendacións para a implantación da ISO 26000 nas pequenas e medianas industrias.
- **Observatorio da Construción**.

- **Observatorio de Responsabilidade Social Corporativa**, rede de cooperación e investigación, e plataforma de pensamento na que conflúen as iniciativas postas en práctica por distintas organizacións de xeito independente, co fin último de potenciar a responsabilidade social das empresas no núcleo da sociedade.
- **Observatorio permanente da RSE de Galicia**, organismo que ten como obxectivo o coñecer e avaliar as principais políticas, estratexias e prácticas que en materia de RSE están a desenvolver as empresas da nosa comunidade, así como facer un seguimento de aplicación da RSE, dende a Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia.
- **Rede Española do Pacto Mundial**, responsable de xestionar o traballo coas empresas socias e asinantes do Pacto Mundial das Nacións Unidas en España. Conta coa ferramenta **Compactlink**, plataforma virtual de innovación en RSE que pretende facilitar a comunicación cos seus socios, asinantes e restantes grupos de interese.
- **Rexistro Nacional de Pegada de Carbono**, dependente do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e do que forman parte empresas construtoras.
- **RSE.XUNTA**, portal web da Xunta de Galicia de divulgación sobre a responsabilidade social empresarial. Nel pódese consultar documentos, acceder a información sobre as iniciativas emprendidas pola Administración Autonómica para a promoción da RSE, consultar as dúbidas máis frecuentes en relación á posta en marcha de proxectos desta temática, acceder á axenda de eventos relacionados coa RSE...
- **Social AccountAbility International (SAI)**, organización non gubernamental e multistakeholder cuxa misión é mellorar as condicións de traballo dos empregados e empregadas promovendo unhas axeitadas condicións de traballo e o cumprimento dos dereitos laborais. Elaborou a norma certificable SA 8000 sobre a base de varias normas de dereitos humanos internacionais, entre outras, a **Declaración Universal dos Dereitos Humanos das Nacións Unidas** y la **Convención Internacional sobre os Dereitos do Neno da ONU**.
- **Transparencia Internacional**, a coalición global contra a corrupción que loita por deter a corrupción e promover a transparencia, a responsabilidade e a integridade en todos os niveis e en todos os sectores da sociedade.
- **XUNTA PRO-RSE**, ferramenta informática elaborada pola Xunta de Galicia para integrar os obxectivos e proxectos de RSE na empresa. Permite facer un seguimento a través de indicadores de desempeño e elaborar un informe de sustentabilidade.



Anexo I: Enquisas.

1. FICHA TÉCNICA DO ESTUDO

DESEÑO DO CUESTIONARIO	intheMOVE. Innovación e estratexia en responsabilidade social.
UNIVERSO	Base de datos de 900 empresas do sector da Fundación Laboral da Construción de Galicia.
TÉCNICA DE INVESTIGACIÓN	Cuestionario online e presencial. Recollida de datos presencial, Fundación Laboral da Construción. Tabulación e tratamento de datos, intheMOVE. Innovación e estratexia en responsabilidade social.
TAMAÑO DA MOSTRA	98 enquisas válidas.
ERROR DE MOSTRAXE	O erro máximo de mostraxe para datos globais (98 enquisas) é de +4,79%. Para un nivel de confianza do 95% e na hipótese máis desfavorable ($p=q=50\%$).
TIPO DE MOSTRA	Mostra por cotas.
TRABALLO DE CAMPO	Fundación Laboral da Construción.
	intheMOVE. Innovación e estratexia en responsabilidade social.
DATA DE REALIZACIÓN	De xuño a xullo de 2015.
CONFIDENCIALIDADE	Co obxecto de garantir a confidencialidade da información obtida, só se facilitarán datos agregados para o conxunto das empresas enquisadas, e, en ningún caso, datos específicos referidos a cada unha delas.

2. FORMULARIO DAS PREGUNTAS

Esta enquisa forma parte do proxecto Responsabilidade social empresarial no sector da construción, impulsado pola Fundación Laboral da Construción e a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Economía, Emprego e Industria, e ten coma obxectivo coñecer cal é o grao de coñecemento sobre a RSE das empresas do sector en Galicia. Os resultados obtidos serán analizados e incluídos na Guía de RSE no sector da Construción.

Indicacións

- O formulario consta de tres partes diferenciadas, de distinta duración. En total son 16 preguntas que se poden responder en 10 minutos.
- Debe seleccionar a resposta que considere que reflicte mellor a situación da súa empresa.
- É importante que sexa cuberto pola alta dirección da empresa.
- Os datos da enquisa serán tratados de forma anónima.

O concepto de responsabilidade social empresarial (RSE)

A responsabilidade social empresarial é unha forma de xestionar as empresas que busca incrementar tanto o beneficio económico como o beneficio social e ambiental.

1. Oíra con anterioridade o concepto de responsabilidade social empresarial?

- a. Si.
- b. Non.

2. Que é para vostede a responsabilidade social empresarial?

- a. Unha moda.
- b. Unha estratexia corporativa.
- c. Unha forma de mellorar a imaxe da empresa.
- d. Non o sei.

3. Que aspectos da responsabilidade social cre vostede que son máis importantes? Marque todas as opcións que considere oportunas:

- a. Ambientais.
- b. Beneficios sociais ao persoal.
- c. Xestión ética.
- d. Transparencia.
- e. Igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.
- f. Ningún dos anteriores.

4. Cal das seguintes liñas de traballo considera máis oportuna para desenvolver nunha empresa vinculada ao sector da construción? Marque todas as opcións que considere oportunas:

- a. Aumento do investimento en prevención de riscos laborais.
- b. Minimización de emisións, aforro de auga e enerxía consumida.
- c. Desenvolvemento de plans de formación que recollan as necesidades do persoal contratado.
- d. Incorporación de mulleres nun sector tradicionalmente masculino.
- e. Desenvolvemento de políticas anticorrupción.

5. Sinale con cal das seguintes afirmacións está vostede máis de acordo:

- a. A RSE é unha estratexia da empresa a longo prazo.
- b. A RSE permitirá á miña organización introducirse en novos mercados.
- c. A RSE é algo propio das grandes empresas, non aplicable á pemes.
- d. Non considero que a RSE engada valor ao meu produto/servizo.

6. Considera que a RSE achegaría ás organizacións competitividade en materia de

- a. Recursos humanos.
- b. I+D+i.
- c. Xestión ambiental.
- d. Reputación e imaxe corporativa.
- e. Non considero que a RSE achegue competitividade ás empresas.

Estado actual da responsabilidade social na súa empresa

7. Está implantada a RSE na súa empresa?

- a. Non, non hai ningún tipo de medidas implantadas.
- b. Si, implantouse algunha medida illada, aínda que non hai unha estratexia definida.
- c. Si, a empresa ten implantadas numerosas medidas relacionadas coa RSE, aínda que non forman parte dunha estratexia comunicada ao persoal nin á sociedade.
- d. Si, hai unha estratexia definida e apoiada pola dirección e o cadro de persoal.

8. Se contestou afirmativamente á pregunta anterior, de quen depende a xestión da responsabilidade social na súa empresa?

- a. Alta dirección/xerencia.
- b. Departamento de Calidade e Ambiente.
- c. Departamento de Comunicación/Marketing.
- d. Departamento de Recursos Humanos.

9. Cal das seguintes *ferramentas de responsabilidade social* ten implantadas na súa empresa? Marque todas as opcións que considere oportunas

- a. Análise do ciclo de vida (cálculo da pegada de carbono).
- b. Contratación con provedores locais.
- c. Sistemas de xestión da RSE (ISO 26000, SGE 21, SA 8000...).
- d. Código de conduta.
- e. Sistemas de xestión ambiental (ISO 14001, EMAS).
- f. Memoria de responsabilidade social empresarial.
- g. Plan de igualdade.
- h. Patrocinio de eventos deportivos e culturais.
- i. Achega de efectivo para proxectos de acción social.
- j. Ningunha.

10. A súa empresa comunica ao seu persoal e á sociedade as accións de RSE que pon en marcha?

- a. Si.
- b. Non.

11. Considera que as accións desenvolvidas en materia de RSE pola súa empresa lle achegan beneficios?

- a. Si, sempre obtemos resultados favorables.
- b. Non, non creo que afecte os resultados da empresa nin en positivo nin en negativo.
- c. Non, creo que non se obteñen beneficios.

12. Cal das seguintes iniciativas considera máis oportuna para aplicar na súa empresa?

- a. Adhesión ao Pacto Mundial das Nacións Unidas.
- b. Realización de campañas de acción social e patrocinio.
- c. Utilización da ferramenta XUNTA PRO-RSE para a elaboración de memorias de sustentabilidade.
- d. Obtención de certificacións de RSE para optar a procesos de contratación de obra pública.
- e. Non o sei.

Perfil da persoa enquisada

13. A súa empresa pertence ao subsector (CNAE-93):

- a. CNAE 45.1. Preparación de obras.
- b. CNAE 45.2. Construción xeral de inmobles e obras de enxeñaría civil.
- c. CNAE 45.3. Instalacións de edificios e obras.
- d. CNAE 45.4. Acabado de edificios e obras.
- e. CNAE 45.5. Alugueiro de equipos de construción ou demolición dotado de operario.
- f. Outro. CNAE:

14. Son:

- a. Unha grande empresa.
- b. Unha peme.
- c. Un/ha autónomo/a con persoal contratado.
- d. Un/ha autónomo/a sen persoal contratado.

15. Máis información da empresa:

FACTURACIÓN 2014

NÚMERO DE PERSOAS TRABALLADORAS

NÚMERO DE CENTROS DE TRABALLO EN
GALICIA

NÚMERO DE CENTROS DE TRABALLO
FÓRA DE GALICIA

16. Máis información sobre a persoa de contacto (quen contestou á enquisa):

CARGO NA EMPRESA

ENDEREZO DE CORREO ELECTRÓNICO

MOITAS GRAZAS POLA SÚA PARTICIPACIÓN!



Anexo II: Entrevistas a axentes clave.

1. FICHA TÉCNICA DO ESTUDO

DESEÑO DA ENTREVISTA	intheMOVE. Innovación e estratexia en responsabilidade social.
ENTREVISTADOS	Axentes clave do sector da construción en Galicia.
TÉCNICA DE INVESTIGACIÓN	Entrevista telefónica a través de cuestionario pechado.
ANÁLISE E TRATAMENTO DA INFORMACIÓN	intheMOVE. Innovación e estratexia en responsabilidade social.
RESULTADOS	A información cualitativa máis relevante extraída das entrevistas, aparece recollida no segundo capítulo da guía, a través de citas textuais (entre comillas e cursiva).
CONFIDENCIALIDADE	Co obxecto de garantir a confidencialidade da información obtida, só se incluírá esta información sen identificar o axente clave que a formulou.

2. AXENTES CLAVE

JUAN PIÑEIRO CHOUSA

Doutor en Ciencias Empresariais pola Universidade de Santiago de Compostela e licenciado en Administración e Dirección de Empresas, pola mesma universidade. É profesor titular do departamento de Economía Financeira e Contabilidade da Universidade de Santiago de Compostela dende o ano 1999. A súa actividade investigadora céntrase na análise das implicacións financeiras para as empresas e os mercados de capitais da sustentabilidade e a responsabilidade social empresarial. Dende 2004 dirixe o máster en Xestión de Proxectos de Medioambiente e RSC e dende 2005 dirixe o máster en Xestión Ambiental no Sector da Construción.

FEDERACIÓN DE INDUSTRIA METAL, CONSTRUCCIÓN E AFÍNS DE UGT. FEDERACIÓN DE INDUSTRIA.

Sección autonómica da organización sindical, dedicada á promoción e defensa dos dereitos das persoas traballadoras dos sectores do seu ámbito de actuación. MCA-UGT é unha das federacións sectoriais que conforman a Unión Xeral de Traballadores.

MARÍA LUISA MARTÍNEZ ARIAS

Secretaria do Consello de Administración da Sociedade Construcións Obras e Viais, S.A. empresa á que dedicou a súa actividade profesional nos últimos 23 anos como responsable do departamento de contratación de obras. Tamén, representando á sociedade, é a presidenta da Cámara de Contratistas da Federación Galega da Construción e vicepresidente da Federación da construción de Galicia.

3. FORMULARIO DAS PREGUNTAS

Esta entrevista forma parte do proxecto Responsabilidade social empresarial no sector da construción, impulsado pola Fundación Laboral da Construción e a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Economía, Emprego e Industria, e ten coma obxectivo coñecer de primeira man que opinión relevantes xeran as actuacións no ámbito da RSE nos principais axentes clave das empresas do sector en Galicia. Os resultados obtidos serán analizados e incluídos na Guía de RSE no sector da Construcción.

Indicacións

- Realizarase a gravación da entrevista e garante a confidencialidade da información recollida. O obxecto da gravación é poder transcribir mellor as opinións dos entrevistados, de forma tal que a entrevistadora poderá interactuar mellor cos entrevistados.
- Estrutura da entrevista: 24 preguntas divididas en 7 bloques.
- A información achegada na entrevista será tratada de forma anónima, aparecendo unicamente a relación de persoas entrevistadas, a modo de recoñecemento.

Situación actual actual do sector da construción

1. Para todos é coñecido o peso do sector da construción na economía galega (segundo o IGE, foi o responsable do 9% do PIB de Galicia). Como percibe vostede a situación actual do sector do sector da construción?

O concepto de responsabilidade social empresarial

1. Que é para vostede a responsabilidade social empresarial?
2. Na súa opinión, considera que se produciu a incorporación da responsabilidade social en empresas do sector en Galicia como modelo de xestión? Por que?
3. Que aspectos cre que se deben traballar dende a responsabilidade social empresarial nas empresas do sector da construción?
4. Consideraría importante promover estratexias de responsabilidade social nas empresas do sector da construción? Por que?

A relevancia da responsabilidade social empresarial

1. Cre que a responsabilidade social ten unha importancia real para as empresas do sector ou é unha moda pasaxeira que acabará dando paso a outra?
2. Considera que nas empresas do sector da construción se realizan actividades que encaixan no modelo de responsabilidade social e que, non obstante, non son recoñecidas como tal? Poderían as estratexias de comunicación poñer en valor estas actividades?
3. Cre que no actual contexto de crise económica o desenvolvemento de actuacións de responsabilidade social estase a realizar? Por que?

Estado actual da responsabilidade social empresarial

1. Como valoraría o estado actual xeral das empresas do sector responsabilidade social?
2. Cal dos subsectores considera o máis avanzado en materia de responsabilidade social? E o que menos?
3. Cales son as principais fortalezas destas empresas en materia de responsabilidade social?
4. E cales son as súas debilidades?
5. Cales son as oportunidades que presenta o desenvolvemento de estratexias de responsabilidade social en empresas do sector? E as ameazas?

Dimensións da responsabilidade social

1. Parécelle que a relación destas empresas cos seus empregados é un ámbito que forma parte da responsabilidade social? En caso de ser así, que aspectos destacaría como máis relevantes neste ámbito?
2. Cre que a incorporación da responsabilidade social nestas empresas ten que reflectirse na súa xestión interna? En caso afirmativo, en que actuacións en concreto?
3. Deben incorporar estas empresas a responsabilidade social na política de compras e contratacións cos seus provedores?
4. Que importancia concede á dimensión social das actuacións desenvolvidas por estas empresas? Que temas considera que engloba esta dimensión?
5. Que importancia concede á dimensión ambiental das actuacións desenvolvidas por estas empresas? Que temas considera que engloba esta dimensión?
6. Que importancia concede á dimensión ambiental das actuacións desenvolvidas por estas empresas? Que temas considera que engloba esta dimensión?

7. De todos estes aspectos, cal lle parece o máis relevante? Cal está máis desenvolvido?
8. Considera que existe algunha acción clave en materia de responsabilidade social que non se contemplou ata o momento? Podería dicirnos cal?

Comunicación e difusión da responsabilidade social empresarial

1. Na súa opinión, é importante a comunicación das accións de responsabilidade social emprendidas polas empresas do sector? Como se debería realizar esta comunicación?
2. Como se debe incorporar a responsabilidade social na política de comunicación externa das empresas do sector da cadea de valor da construción? Cre que axudaría a mellorar a súa imaxe corporativa?

Comentarios finais

- Cál sería o papel do (*organismo entrevistado*) en relación á promoción da RSE no sector.

MOITAS GRAZAS POLA SÚA PARTICIPACIÓN!

galici@



XUNTA
DE GALICIA